

# NOVAS TURONIO

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 1 | Edición nº 10 | outubro de 2016 | PRECIO 0,50 EUROS

**Programa cultural  
de Outono de  
Ponteareas**

Páxinas 8 e 9

**Samain en  
Salvaterra**

Páxina 13

**Medio Rural  
executa obras da  
parcelaria na  
Cañiza por  
215.000 euros**

Páxina 15

**O Porriño grita  
non ao tren polo  
centro da vila**

Páxina 19



**Ponteareas consegue axudas  
de cinco millóns de euros  
do Programa de Estratexias  
de Desenvolvemento  
Urbano Sostible e Integrado**

Páxina 7

**Tomiño e Cerveira poñen en  
marcha un programa piloto para  
compartir servizos públicos**

Páxina 25

**A Guarda solicita a súa  
incorporación á Área  
Metropolitana de Vigo**

Páxina 27

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

**Óptica mahen**

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939



## OPINIÓ

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

## Integrarmos a diferenza

Os valores de inclusión e cohesión social propios dunha sociedade moderna e democrática esixen integrarmos aos diferentes. Nenos e nenas con diversidade funcional, aqueixados de parálise cerebral, síndrome de Down, cardiopatías ou sofredores de doenzas graves non están a ser integrados a xeito no sistema educativo galego. E as súas necesidades tampouco están a se fornecer no noso sistema sanitario.

Lemos e escoitamos día a día historias de diferentes crianzas que sofren discriminación pola súa condición diferente no

nosso sistema público (a situación en centros concertados é aínda peor). Se a crianza non controla os seus esfínteres non hai recursos que atendan á súa limpeza e comodidade. Chaman pola nai (sempre pola nai) para que deixe traballo ou ocupacións e vaia á escola atender á filla. Os recortes da dereita non dotan aos centros de persoal non docente que poida atender estas necesidades e outras como axudarlles cos seus problemas de mobilidade ou darlles as menciñas e tratamentos. Carencias impropias dunha sociedade avanzada.

Mais tamén o SERGAS desatende as necesidades destes nenos e nenas. As persoas que sofren parálise cerebral requiren de fisioterapia continua para superar a dor e a rixidez dos espasmos que sofren. As crianzas aqueixadas de cardiopatía requiren de fisioterapia respiratoria continuada. Pois ben, esta continuidade se lles nega. Aténdeselles por quendas e con meses de interrupcións entre elas, frustrando os resultados terapéuticos que esta continuidade obtería.

Non falemos xa dos Centros especiais que tiveron que pechar pola supresión ou redución das axudas. Ou do abandono total das políticas de integración polo emprego das persoas con diversidade funcional. O

caso de ASPANAS TERMAL en Ourense amosa ben ás claras o desleixo da Xunta a respecto deste obxectivo.

Coma sempre, as carencias do público atopan na cidadanía unha axeitada resposta para cubrilas. Profesores que atenden esas necesidades materiais non educativas que habería fornecer o persoal non docente que non existe, nenos e nenas atentos a axudar aos seus compañeiros... Mais para integrarmos a diferenza compren solucións políticas e non solidariedade voluntarista.



## Perdeu a oposición

Feijóo, máis ca o PP, gañou as eleccións nacionais deste 25-S, revalidando a súa maioría absoluta de 41 sobre 75 deputados e mesmo mellorando a súa porcentaxe (sobe do 45,8% ao 47,5%). O trunfo de Feijóo aséntase, evidentemente, no medio rural e nos sectores de idade máis avanzada. Porén, agás en Vigo (34,5%), obtivo bós niveis de voto, ben por riba do 40%, nos principais concellos urbanos de Galicia, demostrando que mantén apoio en todas as idades e franxas sociais. Feijóo papou grande parte dos votos de C's, que agora sobardou en moi pouco o 3% (frente á media do 7,5-8%), demostrando que as eleccións galegas son ben diferentes das estatais.

A clave desta excepcional maioría absoluta estivo na resposta política dada polas dúas forzas que competían pola se-

gunda praza (En Marea e PSdeG, empatados con cadanseus 14 escanos). O candidato de En Marea é moi solvente, mais tivo moi pouco tempo para callar, fronte un Feijóo de universal coñecemento. Para máis, Podemos xerou en variadas ocasións tensións e desgaste no potencial electorado mareante e parte do mesmo voltou a vista a un BNG que comezou ao bordo da desaparición e rematou cun sólido grupo parlamentario de 6 deputados e case un 8,4%, cunha Ana Pontón que foi a revelación desta campaña e anuncia o consolidamento dun espazo soberanista galego e máis a inversión dunha tendencia que dende En Marea xulgábase imparábel. O BNG fixo a mellor campaña.

Peor foi o resultado do PSdeG, que baixou catro escanos (de 18 a 14) e ficou un chisco por baixo de En Marea (17,8%

frente ao 19%). Neste caso, ao relativo descoñecemento do candidato Leiceaga hai que lle engadir a guerra suxa que lle fixeron o alcalde vigués Caballero e outros referentes institucionais socialistas.

Para entendermos a dimensión da derrota da oposición, cómpre ter en conta que o bloque de dereitas PP-C's acada un 51% dos votos, fronte a un 46,6% do centro-esquerda, mesmo sumando Compromiso e Pacma. Se temos en conta que dende o 2004 os bloques electorais divídense aproximadamente na Galicia ao 50%, podemos ver quen ficou na casa. Esa abstención progresista fixo que os 680.000 votos de Feijóo (moitos menos ca os case 790.000 do 2009)

lle deran semellante maioría absoluta.

A abstención do centroesquerda definiu as eleccións galegas. E non é mérito do PP, senón responsabilidade do conxunto das forzas da oposición.

Humor

Félix



## Diluindo a corrupción

Vaia por Deus. Correa ía canda o tesoureiro do PP representando a algunha grande empresa que pretendía algúnha importante licitación de infraestruturas nos distintos Ministerios. Ía Bárcenas ao Ministerio de quenda e aquelaba o que tiña que aquelar para que a adjudicación correspondente fose para a empresa amiga presentada por Correa. Acadado o éxito, Correa cobraba e llelo daba a Luís Bárcenas. Así até 2004. Claro, resulta que o Goberno Zapatero chegou á Moncloa a mediados de abril dese ano. Ao mellor o fio rompeuse por ese pequeno detalle.

E foilles así. Non pasou máis nada. Correa e Bárcenas. Bárcenas e Correa. E máis ningún.

Correa ten dereito constitucional a mentir e, sobre todo, a agachar a verdade que lle prexudique. Mais calquera persoa cun mínimo de formación xurídica ou experiencia institucional sabe que para que

esa maquinaria funcione cómpre moita peza do Noso Señor. Nomeadamente altos cargos políticos que decidan e planifiquen, mais tamén funcionarios que tramiten e emitán informes e propostas de adjudicación. Velaí que o relato de Correa poña baixo sospeita xeral a xestión toda na contratación pública dos Gobernos do aznarato (1996-2004), por certo todos partillados por Mariano Rajoy como ministro. Non por acaso o caso Gurthel é o caso PP, coma o caso ERES é o caso PSOE-A.

Enténdese agora a implacábel estratexia obstrucionista seguida polo PP de Rajoy contra esta investigación (e as demais separadas do tronco xeral da Gurthel). Apunten: o PP recusou a todos os xuíces instrutores: Grazón, Ruz e De la Mata. Tamén criticou ácidamente por parcialidade ao maxistrado De la Prada que está axuizando este caso e máis á xuíza Freire, instrutora da causa por encubrimento e

danos informáticos (lembrarán que alguén na sede xenovesa borrou os arquivados dos ordenadores que usaba Bárcenas). Mesmo veñen de pedir a nulidade da investigación deste xuízo.

Coincide no tempo esta estratexia de dilución da corrupción do PP, de lle tirar a importancia a unha podremia que acada ao PP como organización, cos esforzos de Susana Díaz, líder do PSOE de Andalucía, para diluir a corrupción do caso ERES, coa finalidade de salvar aos xenerais Chaves e Griñán.

Semella que diluir a corrupción é parte esencial do pacto de investidura implícito que PP e PSOE van acordar moi axiña.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



## Que celebramos, realmente, o 12 de outubro de cada ano?

Días pasados, exactamente, o día 12 deste mes de outubro, desatáronse varias polémicas nos medios de comunicación porque algunhas persoas e certas institucións se negaron a declarar ese día como día non feriado, alegando, iso sí, que o Estado Español non tiña nada que celebrar, que non fora pedirlle desculpas aos indíxenas de América polo trato dado a cargo dos chamados descubridores.

Nós non imos deternos aquí nos prolegómenos da saída de Colón cara a esa Terra Prodixiosa que el soñaba, logo de coñecer os libros de Marco Polo nos que falaba dos seus descubrimentos en Oriente. Colón sabía que a Terra era redonda logo entendía que navegando en dirección oeste debería atoparse con esas terras. Pensaba que Xapón debería estar a uns 4.500 kms. Ao oeste das Illas Canarias.

Logo de que os reis portugueses non lle prestaran atención a os seus proxectos, Colón chegou ao Campamento de Santa Fé instalado polos Reis Católicos na súa guerra contra os chamados mouros para conquistar Granada. A raíña Isabel foi a que lle creu e accedeu a facilitarlle barcos e despesa para a viaxe, concedéndolle o Título de Virrei e Almirante das terras que descubriera, e dereitos económicos sobre as empresas que alí organizara.

O día tres de agosto de 1492 zarpou do Porto de Palos coas tres carabelas: a Pinta, a Niña e a Santa María. O día 12 de outubro ás dúas da mañán o vixía da Pinta, Rodrigo de Triana, espertou a tripulación cos xa históricos berros de !!Tierra!! ¡¡Tierra!! ¡¡Tierra!!.

Desembarcaron nunha illa a que Colón bautizaría como San Salvador. Non hai certeza de cal é aínda que se presume puidera ser algunha illa das Bahamas. Os indíxenas mostráronse amigables indicándolles que os seus ornamentos de ouro procedían da seguinte illa. Colón avanzou nesa dirección, Cuba, ordenando unha expedición ao centro da mesma para dar coa cidade de Zaitaín, que Marco Polo describía no seu libro. Foi informado de que alí só había chozas cos teitos de palla. Continuou chegando a outra illa a que chamara La Española. Hoxe correspóndese coa República Dominicana e Haití. Alí perdeu a nave Santa María, ordenando construír

un forte con 39 homes e coas instrucións de que acumularan todo o ouro posible. Dende aí voltaría de regreso a España.

Os Reis Católicos recibírono dunha maneira grandiosa. Foi o único autorizado a permanecer sentado diante dos Reis, quen se ergueron para recibilo. Colón informoulles da súa viaxe e presentoulles a uns indíxenas case espidos. Traía gaiolas con paxaros exóticos; barricadas con estraños pescados en salazón e arcas con algodón, especies e peles de grandes iguanas. Faloulles de homes devoradores de carne humana, os caníbales, de se-reas, asegurando non ter visto ningunha. De seguido mostroulles o ouro, coroas de ouro, grandes máscaras decoradas con ouro, ornamentos de ouro batido, pebitas de ouro, po de ouro.

Os Reis axeonlláronse, igual fixeron todos os demais, dando grazas a Deus por poñer nas súas mans todas aquelas cousas. Colón viviu momentos de gloria gozando do favor real.

De seguido, Colón organizou unha segunda viaxe pero a maior escala con 17 barcos cunha tripulación entre 1000 e 1.500 persoas. O seu obxectivo era dobre: continuar co descubrimento e colonizar La Española. As instrucións reais eran as de converter aos nativos e a explotación económica do descubrimento. Non se conserva o Diario de abordo desta expedición, só os escritos de Michel de Cuneo, amigo de Colón e de Diego Alvarez, médico da expedición.

Colón cambiou de ruta; en tres semanas alcanzou unha illa á que chamou Dominicana; era o día 3 de novembro, domingo. Dende alí foi descubriendo máis illas ás que ía bautizando chegando a San

Juan Bautista (hoxe Puerto Rico), dirixíndose cara á La Española onde comprobou que o forte fora arrasado. Seguiu rumbo este anclando nunha bahía que chamou Isabela (actualmente República Dominicana). Aquí comprobou a existencia de abundante ouro. Antón Torres voltou de regreso a España con 12 naves cargadas e o Memorial de Colón para os Reis. Aquí comezan os intereses contrapostos no descubrimento. Os Reis estaban interesados na explotación agrícola e na cristianización dos indíxenas, o que provocou



unha rebelión.

Colón fundou un novo asentamento ao que chamou Isabela convertido nunha factoría comercial organizando a explotación do ouro, a captura de indios para vender como escravos, a imposición de tributos aos nativos, obrigándolles a conseguir alimentos para os españois. Isto cambiou o seu modo de vida decatándose de que as relacións nion eran amistosas. Colón mandou 500 escravos indíxenas como agasallo aos Reis Católicos.

Na terceira viaxe (1498-1500) Colón chegou a Trinidad, nas costas do que hoxe é Venezuela. Estaba seguro de que chegara á asia do sudoeste. Cando chegou

á novas cidade de Santo Domingo, na Española moitos colonos rebeláronse contra a súa autoridade. Foi destituído como gobernador e voltou a España. Xa na cuarta expedición Colón seguía teimando para atopar un paso cara a India e fracasou. Regresou a España morrendo dous anos despois (1506). Fixéronlle un pobre funeral.

A chegada dos españois significou unha auténtica catástrofe para estes pobos pacíficos. En 1492 a illa La Española estaba habitada por 300.000 indíxenas. Cinco anos máis tarde tiñan desaparecido máis de 100.000, polas penurias sufridas ou porque os tiñan matado. Os españois contaxiáronlles enfermidades como a viruela, o tifus, a difteria e o sarampión.

A partir dese momento o descubrimento foi substituído pola Conquista e conversión ao cristianismo á forza. Aos que non aceptaban de boa gana matábanos ou os convertían en escravos. Coa benxón da Igrexa, sempre Católica, Apostólica e Romana, e polos Reis, motivados polo ouro e gloria, aparece un novo tipo europeo: o conquistador, protagonista da conquista do Imperio Azteca, dos Incas e outros pobos americanos. Todos foron afectados pola chegada dos europeos. Tiveron que presenciar a eliminación das súas culturas (inca e azteca); impuxéronlles unha nova relixión e unha nova forma de vivir.

A historia destes pobos despois de Colón é a historia dunha opresión. Os europeos apropiáronse das súas terras; obrigaron aos indíxenas a traballar para eles nas minas, nas facendas e na construción. Foron explotadas con fins comerciais a caña de azúcar das Antillas, as zonas de minerais de Perú e Bolivia, as terras dos Andes, etc.

Por falta de man de obra, sobre todo pola mortalidade nas antillas, os primeiros escravos chegarían a estas terras en 1510. A través do atlántico chegaron 40.000 por ano. Viaxaban en condicións infrahumanas; moitos morrían na viaxe debido ao amoreamento e a fame.

Agora podemos preguntarnos, que é o que celebramos o Día 12 de Outubro? Todas estas nosas fazañas? Que fomos máis explotadores que descubridores?



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursoseshpanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdeturonio.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
publicidade@novasdeturonio.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 40-2016



# ELECCIÓN GALEGAS 2016

## Eleccións Total Galicia

| PARTIDO  | ESCAÑOS | VOTOS   | %       |
|----------|---------|---------|---------|
| PP       | 41      | 676.676 | 47,53 % |
| EN MAREA | 14      | 271.418 | 19,07 % |
| PSdeG    | 14      | 254.552 | 17,88 % |
| BNG-NÓS  | 6       | 118.982 | 8,36 %  |



## Parlamentarios PP



Alvaro Pérez



Alberto Núñez Feijóo



Alfonso Rueda



Antonio Rodríguez



Aurelio Alfonso



Beatriz Mato



Carlos Enrique



César Manuel Fdez



Cristina Romer



Daniel Luis Varela



Diego Calvo



Ethel María Vázquez



Francisco José C.



Guadalupe Murillo



Ignacio López



Jesús Vázquez



José Castiella



José González Vázquez



José Manuel Balseiro



José Manuel Cores



José Manuel Rey



María Ángeles Vázquez



María Susana López



María Encarnación A.



Marisol Díaz



Marta Novoa



Marta Rodríguez Anas



Marta Rodríguez



Martín Fernández



Miguel A. Santalices



Miguel Ángel Tellado



Moisés Blanco



Nava Castro



Paula Prado



Pedro Puy



Raquel Arlas Rodríguez



Román Rodríguez



Rosa María Quintana



Sandra Vázquez



Teresa Egerique



Valeriano Martínez





## ELECCIÓN GALEGAS 2016

## Parlamentarios En Marea



Ángeles Cuña



Antón Sánchez



Carmen Santos



David Rodríguez



Eva Solla



Francisco Casal



José Manuel Lago



Juan José Merlo



Luca Chao



Luis Villares



Magdalena Barahona



Marcos Cal



Paula Quintero



Paula Vázquez

## Parlamentarios PSOE



Abel Losada



Begoña Rodríguez



Concepción Burgo



José Antonio Ouroga



José Manuel Díaz



José Manuel Pérez



Julio Torrado



Luis Manuel Álvarez



Luisa Pierres



María Dolores Toja



Noelia Blanco



Patricia Vilán



Raúl Fernández



Xoaquín María

## Parlamentarios BNG



Anta Pontón Mordelo



Monserrat Prado



Noa Presas



Otalla Rodil



Xosé Luís Rivas



Xosé Luís Bará



FUCO PRADO





## CONDADO / PARADANTA

## PONTEAREAS

## Case un cento de persoas reclaman a posta en valor do patrimonio do monte do Salgueirón

Ao roteiro desenvolvido o sábado 1 de outubro pola serra do Galleiro, organizado por diferentes colectivos de Mos e Ponteareas, asistiron case un cento de participantes que reclamaron a posta en valor do patrimonio do monte.

A Asociación de Veciños de Ribadetea (Ponteareas), a Comunidade de Montes de Louredo (Mos), a Asociación Cultural Festa da Prehistoria (Mos), a Agrupación A Cividade (Mos) e o Grupo Ecoloxista ADENCO impulsaron a I Xornada de Irmanamento entre os dous concellos, no que a serra do Galleiro fai de límite xeográfico e que conta cun rico e amplo patrimonio. Este irmanamento xurdiu a partir de que unha mámoa situada no monte do Salgueirón, entre os Concellos de Mos e Ponteareas, se vise afectada hai dous anos por unha proba deportiva que abriu un camiño en pleno corazón do xacemento.

Os diferentes colectivos buscaron a colaboración municipal de ambos concellos, pero non a atoparon e decidiron, no manifesto que se leu no xacemento



neolítico, solicitarlle á Xunta a posta en valor do xacemento, con actuacións de sinalización e delimitación, para evitar novos impactos, porque "o que non se coñece, non se protexe".

As organizacións convocantes, ante a boa resposta dos asistentes, e ante o moito que

queda por traballar para pór en valor o patrimonio dos dous lados da serra, decidiron darlle continuidade a esta actividade, promovendo unha xornada de irmanamento cada ano.

A mámoa do Salgueirón é un lugar de enterramento prehistórico, con máis de catro mil anos

de existencia, formado por grandes lousas colocadas en forma de arca, onde se depositaban os corpos dos defuntos e que logo se cubría dunha coiraza de terra e de pedras, e que neste caso amosa a particularidade de estar totalmente cuberta de seixos brancos, moi abondosos na zona.

## Ponteareas instala o primeiro punto de compostaxe comunitario na Perillana

O día 13 tivo lugar na Biblioteca Municipal unha charla informativa dos mestres composteiros Manuel Gómez e David Alves, organizada dentro do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, da que o Concello forma parte.

O punto de compostaxe comunitario consistirá en 6 contedores con 1 metro cúbico de capacidade cada un, instalado na Perillana, a carón da Biblioteca Municipal. Nos vindeiros días, a contorna dos Xulgados tamén terá este equipamento. A idea do Goberno local é instalar máis composteiros comunitarios no núcleo urbano para tentar reutilizar a maior cantidade de materia orgánica posible, así como difundir os beneficios da compostaxe individual. Os mestres composteiros realizarán labores todas as semanas de control do proceso así como análíticas para valorar a calidade e posibles usos do fertilizante natural resultante.

## Semana de actividades contra o Cancro de Mama en Ponteareas

A Asociación de Comerciantes de Ponteareas e o seu Centro Comercial Aberto "Ponteareas Comercial" únese a celebración do Día Internacional Contra o Cancro de Mama coa realización de diversos actos, ao longo da semana do 17 ao 23 de outubro, dirixidos a toda a vila, coa colaboración da Concellería de Sanidade do Concello de Ponteareas e o Club Petanca Ponteareas.

O obxectivo desta celebración é concienciar á poboación da im-

portancia do diagnóstico precoz do cancro de mama para gañar a loita contra esta enfermidade que, anualmente, afecta a 1 de cada 8 mulleres.

Os establecementos de Ponteareas Comercial entregarán lazos rosas con cada compra o mércores 19 de outubro.

O luns 17 ás oito e media da tarde terá lugar no auditorio de Ponteareas un homenaxe a Pilar Domingo, exdirectora do colexio Santiago Apostol e activista por

esta causa na nosa vila, que faleceu o pasado mes de febreiro.

O mércores e xoves á mesma hora na sala multiusos do auditorio darán cadansúa conferencia a enfermeira do servizo de oncoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro, Eva González Iglesias, sobre o rol da enfermeira como cuidadora/asesora, e, o xoves, a oncóloga especialista en mama do mesmo centro Isaura Fernández Pérez, sobre a prevención e tratamentos do Cancro de mama.

Nestes actos, procederase, ademais, á lectura dun manifesto e duns poemas.

O sábado e o domingo celebrárase un campionato de petanca no Parque das Pombas desde as dez da mañán. Os concursantes deberán levar unha prenda de cor rosa.

A organización colocará mesas informativas sobre o tema nas rúas Oriente e Esperanza (comercial Tea) na mañán do sábado de 11:30 a 13:30h.





## PONTEAREAS

## Ponteareas consegue as axudas do Programa de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado

A Corporación Municipal aprobara en pleno no mes de xaneiro presentar a candidatura para optar ás axudas que o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través do Ministerio de Facenda, disporá para aplicar accións relacionadas co desenvolvemento urbano sostible e integrado.

A Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Ponteareas, presenta un orzamento de 6.250.000 euros. A axuda concedida dos FEDER ascende a 5.000.000 de euros, o máximo ao que se pode optar. O Concello comprométese a aportar os 1.250.000 euros restantes no período que vai dende o presente ano 2016 até o vindeiro ano 2020.

A candidatura foi seleccionada de entre 269 propostas polo Ministerio de Facenda e Administración Pública. Ponteareas foi un dos 12 concellos galegos seleccionados, sendo aceptada o 100% da axuda solicitada.

A estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable" desenvolverá catro grandes eixos: tecnoloxías da información, economía baixa en

carbono, protección do medio ambiente e inclusión social e redución da pobreza.

Trátase dunha oportunidade para que "Ponteareas logre unha cidade saudable, sustentable e inclusiva no Horizonte 2020. O obxectivo é poñer en marcha medidas relacionadas co fomento de emprego, coa modernización da administración, co acceso ás novas tecnoloxías da información, coa eficiencia enerxética, coa promoción da paisaxe cultural e do patrimonio inmaterial e coa inclusión dos colectivos menos favorecidos", sinalou o alcalde, Xosé Represas. "A concesión destas axudas é proba do traballo solvente de todo un Concello a prol da cidadanía", comentou a concelleira de Urbanismo, Vías e Obras, Chus Garrote.

Poranse en marcha grupos de traballo coa veciñanza, asociacións e axentes locais co fin de definir os proxectos concretos a desenvolver dentro da idea xeral de facer unha cidade máis amigable. Ao mesmo tempo, dende o Concello, crearíase unha comisión especial de seguimento na que estarían representados todos os grupos da corporación.

## O Concello encarga un Plan de Dinamización Comercial

O Concello de Ponteareas ven de presentar o Plan de Dinamización Comercial que porá en marcha co obxectivo de revitalizar a actividade comercial e social no núcleo urbano. O plan, que correrá a cargo da consultora de empresas e áreas comerciais, Nortec, foi presentado o polo alcalde, Xosé Represas, e os tenentes de alcalde, María Jesús Garrrote, e Manuel Troncoso, aos representantes das asociacións de comerciantes e hostaleiros da vila.

"Queremos dar resposta ao retos dos cambios sociais e de hábitos de consumo actuais que sofre o pequeno comercio, agravados nos últimos anos pola crise económica. Para iso contaremos co asesoramento e apoio de profesionais especializados na mellora e funcionamento dos espazos comerciais urbanos" afirmou o alcalde na presentación e animou a comerciantes e hostaleiros a realizar as súas achegas e a colaborar cos técnicos que realizarán o traballo nas vindeiras semanas.

De inmediato levarase a cabo un estudo e análise da situación actual do conxunto do comercio e a hostalaría do núcleo urbano, para mellorar a súa competitividade, co fin de crear un plan de acción para os vindeiros tres anos.

Analizarase a oferta comercial e de servizos existentes, a procedencia e hábitos de compra dos clientes, a accesibilidade, mobilidade, a contorna física das zonas e eixos comerciais máis destacados de Ponteareas así como da imaxe comercial e social, a percepción polos clientes da situación da zona comercial e a promoción e animación.

Posteriormente, e como consecuencia da análise da situación actual, o Plan de Dinamización Comercial de Ponteareas definirá as accións para os vindeiros 3 anos sobre os aspectos que inciden na competitividade comercial e sexan responsabilidade do Concello. O Plan tamén detallará as accións a realizar para a atracción comercial, promoción e fidelización de clientes.

Os membros do Goberno explicaron que agora é o momento de definir as liñas de actuación para os vindeiros anos e financiar algúns dos proxectos cos fondos europeos que o Goberno local acaba de lograr coa Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible, recentemente aprobada. "Previsiblemente moitas das actuacións encaixarán cos obxectivos de desenvolvemento do plan Ponteareas Hábitat Saudable", indica o rexedor Xosé Represas.

## Homenaxe a Teixeira en Arcos

A parroquia de Arcos, Ponteareas, adicoulle unha ampla homenaxe ao atleta internacional José Teixeira. Os actos comezaron coa inauguración dunha exposición fotográfica e xornalística que repasa a súa traxectoria deportiva e unha mesa redonda con convidados excepcionais para lembrar a etapa dourada do atletismo galego e ponteareán (1951-1955). Interviron o propio José Teixeira, José Castro (expresidente da S.D. Juvenil coa que Teixeira logrou os seus maiores éxitos), Carlos Pérez (atleta viqués internacional e olímpico quen compartiu competicións con Teixeira) e Carlos Posada (xornalista do Faro de Vigo e cronista das xestas de Teixeira).

O domingo tivo lugar o III Trail José Teixeira, organizado polo Clube Camiñantes do Condado, coa participación de máis de douscentos atletas que percorreron a Picaraña, o Castelo de Vilasobroso e o Castro de Troña.

José Teixeira Alonso naceu en Angoares, Ponteareas no 1928 e no seu palmarés destacan os tres campionatos de España de 3000 metros obstáculos, os campionatos galegos de 1500 metros lisos, dous, 1.500 obstáculos e campo a través batendo os records galegos de 1500, 3000 e 10000 metros, a vitoria nos 3000 obstáculos de París onde bate o record de España e a súa medalla de bronce nos Xogos do Mediterráneo, todo isto entre os anos 1951 e 1955.



Jurídica | Fiscal | Laboral-Social  
Mercantil | Contable

ASER GALICIA

17.000.000 - 17.000.000 - 17.000.000

CONFITERIA


# Regino

Rosquillas · melindres · variadito de pasteles  
sublime de cacao · tarta de té  
rocas de chocolate · tarta de franbuesa  
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834



## PONTEAREAS




Sábado 1 de outubro às 20:00 h  
● Auditório Municipal  
Orquestra Coral Sinfónica

**Domingo 2 de outubro às 20:00 h**  
**• Casa Cultural de Arcos**  
 Organiza Casa Cultural de Arcos (Plan Cultural Concello de Paderne)

**● Auditorio Municipal. Entrada 3 €.**  
Organiza: Concellaría de Cultura. Colabora: AGAPIC

Venres 14 de outubro ás 20:00 h  
● Salón de Plenos  
Dinámica Concelleira de Cultura

Sábado 15 de novembro de 10:00 a 20:00 h  
 ● **Rilas Esperanza, Oriente e Priza Maior**  
 Dirección: Consello de Pousaerías e Alta Educación Anhuier.




**Auditorio Municipal**  
Organiza: Casal do Centro A. Sportivo e Concellaría de Cultura

Sábado 15 de outubro às 21:00 h  
**C.C. Antorcha de Cristinãde**  
 Organiza C. Cultural Antorcha (Plebe Cultural Católica de  
 Ponta Grossa)

Chorfas de especialistas en oncoloxía. Mesas informativas nas rúas do centro urbano. Campionato de petanca no parque das Bombas.

Do lunes 17 ao domingo 23 de outubro ás 20:30 h  
 ● Sala Multiuso Auditorio Municipal  
 Organizan: Asociación de Comerciantes Pontornelos Comerciais.  
 Colabora: Concellería de Saúde

Martes 18 de outubro às 18:00 h  
 • **Nardins Centro de Saúde**  
 Organiza Conselho de Povoadores. Colabora Deputación de Pontevedra



Sábado 22 de outubro às 21:30 h  
● Auditório Municipal. Entrada 100  
Quem quiser mais informações

Sábado 22 de outubro às 20:00h  
 Casa Cultural de Gilarga  
 Organiza: Centro Cultural de Gilarga (Plan Cultural Canalle de Pontareas)

Luns 24 de outubro ás 17:00 h  
 ● Aula de Lectura de Ribadeten  
 Programa La Ruta del


De luns 24 ao xoves 27 ás 17:00 h  
 ● Biblioteca Municipal Parque da Perillana  
 Orquestra Biblioteca Museo Municipal e Concillería de Cultura

Martes 25 de outubro às 17:00 h  
 • Aula de Lectura de Arcos  
 Picturas 1-er conta illon


Mércores 26 de outubro ás 19:00 h  
● Biblioteca Municipal  
Organiza Concellería de Cultura

Xoves 27 de outubro ás 17:00 h  
 ● Cemiterio Municipal  
 Orquestra Concelleira de Cultura, Normalizado Decidido

• Biblioteca Municipal (se chova, Mercado Municipal)  
Comunidade Cancellaria de Cultura Biblioteca Municipal



● **Auditorio Municipal. Entrada libre**  
Organiza: Concejalía de Cultura. Culabera Delegación Provincial



● **Salón de plenos**  
Quintana Cancellaría de Medioambiente

Sábado 29 de outubro às 19-30 h  
 • Auditório Municipal  
 Orquestra Associação Alzazara de Cellos

Domingo 30 de outubro às 9:00 h e 10:00 h  
● Saída Praça Mayor  
Ortodoxa Catedral de Pontreica

**Domingo 30 de outubro às 19:30 h**  
**• Auditório Municipal. Estrada 36**  
 Organiza: Cancellaria de Cultura, Colabora: MADIAC





## PONTEAREAS



## PROGRAMACIÓN CULTURAL PONTEAREAS

outubro-novembro-decembro 2016



## decembro



### MOSTRA CASAS CULTURAIS

Martes 6, mércores 7 e xoves 8 de decembro

● Corpa Praza Maior

Organiza Concello de Ponteareas e Casas Culturais



### PRESENTACIÓN DO LIBRO DE RIMA LÓPEZ SILVA "AQUELES DÍAS EN QUE ÉRAMOS MALAS"

Venres 9 de decembro ás 20:30 h

● Salón de plenos

Organiza Concelleira de Cultura



### EDUCA TEATRO PRODUCCIÓN "O MUNDO MÁXICO DE PINOCHO"

Domingo 11 de decembro ás 18:00 h

● Auditorio Municipal. Entrada 3€

Organiza Concelleira de Cultura. Colabora AGADEC



### PRESENTACIÓN DO LIBRO DE XOÁN CARNEIRO "CONFLICTOS BÉLICOS NA RAIA DO BAIXO MIÑO (1640-1668)"

Venres 16 de decembro ás 20:30 h

● Salón de plenos

Organiza Concelleira de Cultura



### CONCERTO DO CMUS (CONSERVATORIO MUNICIPAL)

Mércores 21 de decembro ás 17:00 h

● Auditorio Municipal

Organiza Concelleira de Ensino, Concelleira Municipal

## novembro



### CHARLA MICOLÓXICA

Venres 4 de novembro ás 19:00 h

● Biblioteca Municipal

Organiza Concelleira de Cultura. Biblioteca Municipal



### FEIRA DE OUTONO. ROTEIRO DE BOCADOS DO OUTONO

Do venres 4 ao domingo 6 de novembro

● Praza Maior. Local de hostalaría

A Feira está organizada polo Concello de Ponteareas en colaboración co Sindicato Labrego Galego, Galiza Nova e Centro de Recuperación da Cultura Popular



### IBUPROFENO TEATRO "O FURACHO"

Venres 11 de novembro sesión matinal escolar e 20:30 h

● Auditorio Municipal. Entrada 3€

Organiza Concelleira de Cultura. Colabora AGADEC



### PRESENTACIÓN LIBRO XOSÉ MONTEAGUDO "TODO CAITO FUMOS"

Venres 11 de novembro ás 20:30 h

● Salón de plenos

Organiza Concelleira de Cultura



### POTENCIANDO CAPACIDADES

Actuación dos grupos Axouxe e Misturaxe

Domingo 13 de novembro ás 10:00 h

● Auditorio Municipal

Organiza Asociación ADAPDA



### XORNADAS REVERIANO SOUTULLO

Do venres 10 ao domingo 20 de novembro

● Conservatorio Municipal

Organiza Fundación Reveriano Soutullo



### EXPOFOTOS. PONTEAREAS NO TEMPO

Sábado 19 e domingo 20 de novembro

● Rúa e comercios do centro urbano

Organiza Concello de Ponteareas



### FESTIVAL BANDA DE GAITAS TREMIÑO

Sábado 19 de novembro ás 20:00 h

● Auditorio Municipal

Organiza Banda de Gaitas Tremiño



### CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DE XIÑO

Domingo 20 de novembro ás 12:30 h

● Corpa Praza Maior

Organiza Concelleira de Cultura



### BANDA DE MÚSICA REVERIANO SOUTULLO

Domingo 20 de novembro ás 12:30 h

● Casa Cultural de Arcos

Organiza Casa Cultural de Arcos (Plan Cultural Concello de Ponteareas)



### CHEVERE TEATRO "AS FILLAS BRAVAS"

Domingo 20 de novembro ás 20:00 h

● Auditorio Municipal. Entrada 3€

Organiza Concelleira de Cultura. Colabora AGADEC



### XORNADAS MEMORIA HISTÓRICA

Proxección do documental Digna Rabla

Venres 25 de novembro ás 20:30 h

● Salón de plenos



### Homenaxe aos membros da Corporación Democrática do 36

Palestra sobre o Golpe de Estado e represión

Sábado 26 de novembro ás 20:30 h

● Salón de plenos



### Acto de Homenaxe aos Fusilados e Represaliados pola Dictadura

Domingo 27 de novembro ás 12:30 h

● Lugar da memoria "Pinal do Foxo"

Organiza Concello de Ponteareas



### TEATRO DO MORCEGO "O LAZARILLO DE TORMES"

Domingo 27 de novembro ás 18:00 h

● Auditorio Municipal. Entrada 3€

Organiza Concelleira de Cultura. Colabora AGADEC



## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Ciclo de teatro en Ponteareas

Ponteareas abre unha nova etapa na programación de actividades teatrais e propostas escénicas coa posta en marcha do ciclo ofrecido pola Rede Galega de Teatros e Auditorios, espectáculos realizados en colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

A compañía de teatro Sarabela, coa obra O secuestro da bibliotecaria, dirixida por Fina Calleja, abriu o ciclo dramático que durante os vindeiros tres meses achegará aos afeccionados ás artes escénicas a gozar dun total de 6 representacións.

A programación continuará até as vésperas de Nadal, e pasarán polo escenario do auditorio municipal a compañía Barafunda coa obra Os divertidos espíritos do Samaín, o Grupo Chévere, Premio Nacional de Teatro no 2014, co seu espectáculo As Fillas Bravas, Ibutrofeno Teatro, coa obra O Furancho, Teatro do Morcego, coa adap-

tación do Lazariño de Tormes co actor Celso Parada e EducaTeatro Producións coa obra infantil O mundo máxico de Pinocho.

O prezo das entradas será a 3 euros, o tramo de menor custo das tarifas previstas polo AGADIC para facilitar o acceso a todos os públicos.

Este ciclo de obras teatrais está financiado en parte pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), que aporta un total de 5.754 euros, o Concello de Ponteareas, aporta 5174 euros.

Esta é unha das apostas da Concellería de Cultura, que coordina Hortensia Bautista, para a programación do último trimestre do ano. "Damos a benvida a Ponteareas ao mellor teatro galego este outono e que esta colaboración sexa duradeira e Ponteareas, unha vez máis, poda gozar das mellores obras de teatro do momento en Galiza.", indica a edil.



## Éxito de publico da primeira edición do "Brincamos"

O pasado 28 de setembro, a Concellería de Ensino, que dirixe Cristina Fernández Davila, celebraba a primeira edición de "Brincamos", que consistiu nunha xornada na que o alumnado dos Centros Educativos da vila foron convidados xunto cos seus pais e avós a pasar a tarde disfrutando dos xogos populares e tradicionais que organizaron para eles en colaboración con profesorado e rapaces e rapazas voluntarios que presentaron as distintas actividades para lecer de grandes e pequenos.

Alguns destes xogos estaban esquecidos para a moitos dos asistentes, e con outros os avós fixeron demostracións de como se xogaba, este foi o caso dos aros.

"É importante que non se perda o uso dos xogos populares e tradicionais, amais de recupe-



rar a rúa para o xogo das nenas, nenos e xuventude, hoxe en día, moi enfocados no mundo dixital", salienta a concelleira Cristina Fernández. "Foi un gran descubrimento para a xente nova a liberdade que proporcionou

poder usar a Praza Bugall maila Praza Maior non so para o desfrute dos xogos populares, se non que se achegaron subidos aos seus patinetes, skates e patíns, facendo súa a rúa", engade. Desde a Concellería agradece o

traballo e entusiasmo do profesorado e alumnado de secundaria, por colaborar coa iniciativa promovida dende o Consello Escolar Municipal, recuperando así para a veciñanza este patrimonio común a todas as xeracións.

## 40 novas prazas de aparcamento a carón da Praza Maior

O alcalde Xosé Represas asinou este venres 14 de outubro o acordo para dispor de varias fincas a carón da Praza Maior, na zona da rúa Santa Ana, destinadas a garantir novos espazos de estacionamento no núcleo urbano de Ponteareas. O Concello levará a cabo tarefas de desbroce e limpeza, así como adecuación do espazo, nas vindeiras semanas para crear até 40 novas prazas de aparcamento.

"Tentamos ampliar as zonas de estacionamento necesarias no centro da vila, mentres non cheguemos a unha solución máis global", concordan o alcalde, Xosé Represas, e a concelleira de Urbanismo, Vías e Obras, María Jesús Garrote.

**Forjados**  
**hinos duran s.l.**

Fábrica y Oficinas:  
Santiago de Ribademe, 1  
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 150  
Fax: 986 648 030  
e-mail: duran@forjadosduran.com  
http: www.forjadosduran.com

**Ler e Punto**

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA  
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES  
MERCEÍA - LABORES - LÁS  
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147  
ENTRADA d= AS NEVES  
Frente á gasolín, e xunto a XES

**AS NEVES**  
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA  
CHAPA E PINTURA O FORNO  
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE  
VARIEDADE EN RODAS

Rúa, 8  
Ternave

tel: 986 66 74 88  
36840 AS NEVES



## PONTEAREAS

## Efecto Polilla vuelve a gañar o Concurso de Gaitas de Ponteareas

No evento foi homenaxeado o gaiteiro de Guláns Alfredo Fragueiro Souto

O cuarteto tradicional de gaitas gañador da 49 edición do Concurso de Gaitas de Ponteareas, o máis antigo de Galicia, celebrado o 24 de setembro no auditorio municipal Reveriano Soutullo, foi Efecto Polilla, de Teo (A Coruña), que xa tiña gañado o concurso da edición do ano pasado. O vigués Fol de Coiro quedou segundo, os ourensáns do Grupo Bran terceiros e os Repichocos de Arteixo cuartos.

Cada grupo estaba formado, como indican as bases, por dúas gaitas, un bombo e un tamboril, e os compoñentes do gañador son Xesús Rodríguez Callejón, Pablo Dalama Piñeiro, Miguel Anxo López Buján e Ricardo González Martínez.

O Concello adicou esta edición do concurso e homenaxeou ao gaiteiro de Guláns Alfredo Fra-



gueiro Souto entregándolle un diploma neste mesmo evento.

Alfredo Fragueiro Souto, apaixonado da gaita, naceu o 5 de febreiro de 1927 e comezou a interesarse pola música cando era un cativo, seguindo a estela de todos os músicos da parroquia, que contribuíron a facer de Ponteareas unha vila senlleira por ser berce de grandes músicos.

Sentiu a chamada da música cando era noviño e o primeiro instrumento que acariñou foi

unha frauta, feita por el mesmo e para que empregou unha sinxela cana da que foi quitando melodías de cancións da época.

Xa con 14 anos, en 1941, intégrase no grupo Os Pequenos, de Guláns, comezando a súa longa andaina. O seguinte grupo no que formou foi a agrupación Os Almuñías, tamén da parroquia orixinaria do gaiteiro, moi recoñecido pola súa calidade musical e de moita sona en toda a bisbarra e mesmo fóra.

Alfredo Fragueiro destacou por un ser un experto na afinación das gaitas e foi parte activa e indispensable para que o grupo Os Almuñías fose moi estimado polo público e que aínda hoxe sexa lembrada.

As súa fonda necesidade vital por tocar a gaita levouno a formar parte da murga O Pentagrama e Brisas do Condado coa que difundiu a súa música por toda a provincia de Pontevedra. Tamén foi moi fiel, ao longo de toda a súa andaina, ás danzas dos Ranchos de Reis de Guláns e sempre difundiu estas pezas alá por onde foi.

## O Concello de Ponteareas comeza o ciclo "Venres D\_letras"

A Concellería de Cultura do Concello de Ponteareas, coordinada por Hortensia Bautista, vén de pór en marcha un novo ciclo denominado de xeito xenérico "Venres D\_letras", no que van participar unha serie de escritores e escritoras galegos presentando na localidade as súas novidades editoriais. Este ciclo terá continuidade o segundo venres de cada mes, a partir das 20:30 horas no Salón de Plenos do Concello, dándolle cabida tanto a autores consagrados como aos novos valores da nosa literatura.

Dende a Concellería de Cultura trátase, desta maneira, de darlle visibilidade aos escritores galegos contemporáneos, así como ofrecer aos ponteareáns unha visión global da actualidade editorial que se está a desenvolver en Galicia.

Para inaugurar este ciclo contou coa presenza do escritor porriñés Diego Giraldez, que presentou o seu libro de relatos

"Galería de saldos", publicado o pasado mes de xuño e considerado por algúns críticos como unha das revelacións literarias do ano polo seu estilo e o tratamento dos temas. Está integrado por 28 relatos curtos nos que as vidas dos personaxes se mesturan con reproducións "baratas" de obras de arte coñecidas, e supón un paseo por cuestións moi apegadas á actualidade coas que calquera se pode sentir identificado. O escritor estivo acompañado do xornalista e tamén escritor Manrique Fernández, coordinador do ciclo.

Nos vindeiros meses contarán tamén coa presenza de Xosé Monteagudo, que presentará a súa novela "Todo canto fomos"; con Inma López Silva, que nos trae "Aqueles días en que eramos malos"; ou con Leticia Costas, que traerá a Ponteareas "Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta".



# BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN  
PAVIMENTOS Y AZULEJOS  
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO  
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274  
e-mail: blmicag@blmica.com www.blmica.com

# ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo  
Instalador Autorizado PO-1903

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumbrados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel. 986 65 82 07 - Móvil 688 84 01 55 - E-mail: administracion@electricidadcondado.es  
Edif. Ind. Clav de Pena, floor 1 - 36452 SALVATERRA DE MIÑO

# expert SanFer

986 648 270

R/ Entrecins, 12  
36440 AS NEVES

www.sanfer.net  
sanfer@sanfer.net



## CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

**1ª EXPOSICIÓN DE ORQUIDEAS EN SALVATERRA**



## CONDADO/PARADANTA

## SALVATERRA DE MIÑO

## Samaín en Salvaterra

Un ano máis o Concello de Salvaterra de Miño presenta a programación cultural para o Samaín, por un lado cunha proposta para os máis cativos, o venres 28 de outubro, que constará de diversas actividades na Praza do Concello.

Por outro lado, Marta Valcárcel Gómez, 1º Tte de Alcalde e Concelleira de Cultura resaltou tamén a celebración do Roteiro Nocturno de Samaín, que a pesar de ser unha actividade relativamente nova ten xa o seu público, e cada ano son máis os que se atreven a pasar con nos a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro, unha noite cargada de maxia e terror que o ano pasado xuntou máis de 600 persoas. Así que anima a todos a participar, inscribíndose no Concello, para pasar unha noite diferente e divertida



onde o único que tes que traer son as ganas de pásalo ben. Segundo Valcarcel o éxito desta actividade reside en que "todos os anos intentamos innovar pero sempre tendo en conta tamén a nosa propia historia, creo que iso é unha das cousas que máis chama a xente".

Para inscribirse teñen que facelo a través do Concello, cada participante deberá entregar un produto de hixiene que irá destinado ao Banco de Alimentos Municipal. Ademais o día do Roteiro teñen que vir disfrazados, con calzado adecuado, con lanternas.

## I Ribeira do Tea



Máis de cen corredores participaron na Carreira Ribeira do Tea, con saída no Parque da Canuda en Salvaterra de Miño e chegada na Ponte dos Remedios de Pontearreas, organizada polo Clube Camiñantes do Condado. O gañador da proba foi o atleta do Tanino Runners de Pontearreas Martín Carrera Costas.

## Preto de 100 persoas participaron na II andaina guiada polo Río Mendo

O pasado domingo 16 de outubro saíu da Igrexa de Leirado a II andaina guiada que organizou a A.C. Quinta do Piñeiro por unha das novas rutas verdes que acaba de preparar o Concello de Salvaterra de Miño, a Ruta do Río Mendo. Esta ruta intégrase as xa existentes no Concello, a do Río Miño e a do Río Tea, e que proxima-mente quedarán unidas nun circuíto de preto de 30km.



A historiadora Rocío Pino dirixiu esta andaina pola senda fluvial co fin de dar a coñecer parte do noso valioso patrimonio etnográfico, histórico e natural, neste caso das parroquias de Leirado, Corzáns, Fiolledo e Oleiros. Un patrimonio com-

posto por igrexas, cemiterios, muiños fariñeiros hidráulicos, pontes, pontellas, lavadoiros e levadas coas súas respectivas explicacións e historia, pero tamén parándose a comentar as diversas particularidades e propiedades da diferente flora que

nos fomos encontrando pola ruta, que disfrutaron o preto de 100 persoas que participaron nesta II andaina guiada e que rematou cunha gran comida para repor as forzas esgotadas nas máis de 3 horas que durou a camiñata

**EXPOSICIÓN** 21-22-23 out

**A NOSA MEMORIA**

No Castelo de Salvaterra

**ACTO DE HOMENAXE**  
Domingo 23 de 17:00h  
Intervirán:  
Xesús Alonso Montero  
2do de Teal Academia Galega  
Xosé Ramón Paz Antón  
Editorial, Investigación, Historia  
Fernando Abreu  
Músico

**80 anos despois...**

Organiza: **Jazoiro**  
Colabora: **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**  
Patrocinador: **Salvaterra de Miño**

**o remendón**

**Cerraxería**  
vivenda-automóvil-chaves

**Reparación de calzado**

Tlf. 637 764 865  
cerrajeroremendon.com  
Rúa Raíña Dña Urraca, 20-baixo 3  
Salvaterra de Miño

**24 HORAS**

**GASOLEOS TEA**

Distribución Oficial para:  
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN  
-SERVIZO A DOMICILIO-

**Camps**

Tlf. e Fax: 986 81 43 12  
Rosalia de Castro, 3 A GUARDA  
Tlf.: 986 88 13 00 - Fax: 986 88 13 09  
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

**ALBARIÑO**

**Viña Araujo**

**RIAS BAIXAS**

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Telf./fax : 986 658 066  
Porto-Praza, 5  
[www.adegaaraujo.com](http://www.adegaaraujo.com)



## CONDADO/PARADANTA

## SALVATERRA DE MIÑO

## Inicio dos novos cursos para outono e inverno do Concello de Salvaterra

Un ano máis, coincidindo no tempo co inicio do curso escolar, o Concello de Salvaterra de Miño ven de presentar as diversas actividades que ofrece para os seus maiores no outono e inverno.

Unha ampla variedade de cursos que nace tamén da propia demanda dos usuarios. Así algúns xa son un clásico, como o Curso de Iniciación a Informática Básica, que a pesar de

ser un dos que leva máis anos activo segue tendo unha demanda moia ampla. Igual que o Obradoiro de Memoria e Lectura, co que xa levamos varios anos traballando e ten unha moi boa acollida.

Despois do éxito que tivo o ano pasado, este ano repítese o curso Coñece o teu Móbil co fin de por a disposición de tod@s @s usuari@s as novas tecnoloxías e axudarlles nas dudas e inquietudes diarias, así como intentar que aprendan a sacarlle o mellor partido a algo que hoxe en día é un máis na nosa casa, o teléfono móbil.

E como novidade este ano estreamos a Escola de Maiores, co fin de que todas aquelas persoas que polas circunstancias que foran non puideron rematar en condicións os seus estudos, ou simplemente queiran repasar o aprendido ao longo dunha vida, e sobre todo socializar co resto de asistentes, o Concello ofrece esta actividade enfocada exclusivamente para eles.

A Biblioteca Municipal tamén ofrece Lectura infantil para os máis cativos da casa, todos os martes.

Todos aqueles que estean interesados en participar nalguna das diferentes actividades debe poñerse en contacto ou ben na Biblioteca para as inscricións de Informática, Memoria e Lectura Infantil ou no Concello para as actividades de Coñece o teu móbil e Escola de Maiores.



## 1.100 nenos consumen lácteos nas aulas



O Concello de Salvaterra de Miño, a través da súa 1ª Tte de Alcalde e Concelleira de Educación Marta Valcárcel, ven de presentar xunto aos directores e directoras dos Centros Educativos do Municipio, unha Campaña de Consumo de Lácteos dentro das aulas, actividade organizanda polo Concello dende fai anos e que se pon en funcionamento normalmente co inicio do Curso Escolar.

Máis de 1.100 nenos e nenas da Escola (0-3) – Galiña Azul, do CRA A Lagoa, do CEIP Infante Felipe, do CEIP Chan de Leirado, do CEP Carlos Casares e do IES de Salvaterra,

serán os beneficiarios desta campaña de consumo de lácteos que busca crear hábito ente os nenos e nenas do municipio, co consumo neste caso de iogures bebibles, apostando dende un primeiro momento polo consumo de produtos galegos, neste caso leite 100% galega.

Un consumo diario ten uns grans beneficios, polo que con esta campaña preténdese promover e crear un hábito de consumo diario deste produto, a través do reparto de iogures líquidos, que cada centro distribúe de acordo co seu programa de actividades.





## Medio Rural executa obras da parcelaria na Cañiza por 215.000 euros

O xefe territorial de Medio Rural en Pontevedra, Antonio Crespo, visitou o concello de A Cañiza, invitado polo alcalde, Miguel Adolfo Domínguez, co obxectivo de comprobar as obras de mellora nos camiños rurais da concentración parcelaria deste concello incluídos no Proxecto de Camiños en Zonas de Reestruturación Parcelaria e de Acceso a Explotacións Agrarias da Consellería.

Tal e como destacou o xefe territorial, nestes intres están en execución dous proxectos de mellora de camiños en este concello por un montante total de 215.000 euros.

No caso do Programa de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Explotacións Agrarias 2016, as obras estanse a executar en cinco camiños do concello que se atopaban cun grado de deterioro considerable, executándose unha mellora da capa de rodaxe cunha mestura bituminosa en quente e con formigón.

Deste xeito, mellorouse o camiño de Randufe en Achas, o camiño do Polígono-Igrexa en



Oroso, o camiño de Tallós e o de Veiga de Chans na parroquia de Valeixe, e o camiño de Outeiro a Cima de Vila en Petán. En total, 2.500 metros lineais cunha anchura que vai dende os 3,50 metros aos 4,50.

En relación as obras realizadas a través do Proxecto de Camiños en Zonas de Reestruturación Parcelaria da provincia de Pontevedra, o orzamento para A Cañiza é de case 95.592 euros, e consisten na mellora do firme en 6 camiños

co obxecto de facilitar a comunicación dos núcleos de poboación, realizándose rozas de vexetación nos marxes dos camiños, limpeza de cunetas e para a mellora de drenaxe tamén colocaranse pequenas obras de fábrica e mellora da capacidade portante mediante capas de rodaxe en aglomerado en quente. En total, a empresa Tragsa, encargada dos traballos, está a actuar sobre 1.185 metros lineais cun ancho medio dos camiños entre 3 e 4,5 metros.

## Axudas á natalidade, material curricular e transporte escolar en Covelo

O Concello de Covelo aprobou en Xunta de Goberno as Bases polas que rexerán a concesión de subvencións para o fomento da natalidade, a adquisición de material curricular e o transporte escolar para o presente curso.

As axudas á natalidade están destinadas a sufragar parcialmente os gastos derivados do nacemento ou adopción de nenos empadroados no Concello de Covelo. Os pais ou nais deberán estar empadroados no concello cunha antelación mínima de nove meses e que a renda da unidade familiar declarada no IRPF do ano 2015 non supere os 45.000€. A contía das axudas serán de 300€ por cada fillo nado ou adoptado, podendo chegar a 500€ se presentan algunha minusvalía ou pertencen a familias numerosas. Estas accións serán financiadas con cargo ao orzamento de 2016 ata un importe máximo de 3.000€.

Tamén se aprobaron axudas destinadas a facer fronte aos gastos derivados de transporte escolar para alumnos que estean

empadroados e cursen estudos de Formación profesional ou bacharelato fose do termo municipal. Os pais ou nais poderán solicitar axudas por importe de 250€ por alumno ou 400€ se ten recoñecida algunha minusvalía.

Por último tamén se aprobaron as bases da axudas para adquisición de libros e material curricular para alumnos matriculados en centros docentes públicos de educación infantil do Concello de Covelo. As axudas serán de 60€ por alumno e de 75€ se teñen minusvalía ou pertencen a familias numerosas. Para estas axudas destinaranse 2.000€ con cargo ao orzamento de 2016.

Con estas medidas, desde o Concello pretendemos poñer en práctica distintas accións destinadas ao fomento da natalidade así como ao apoio das familias para sufragar os gastos destinados á educación e formación dos nosos mozos como mellor forma de investimento de futuro. Todos aqueles interesados poderán consultar as bases na páxina web do concello [www.concellodecovelo.es](http://www.concellodecovelo.es).

**Fausto**  
CAFE & VINOS

Marquesa do Pazo, 4 - AS NEVES

Facebook

**Talleres Guiller Motor**

Pazo-Lira, 24  
36459 SALVATIERRA  
(Pontevedra)  
Tel/Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG) TALLERES

**GOYA PUB**

www.goyacafe.es

Super  
**LARANXEIRA**

Servizo a domicilio

Alimentación en xeral  
Froitas - Verduras - Conxelados

Tel: 986 657 484. Taboixa - As Neves

**DURÁN DURÁN**

MUEBLES

comprometidos con la calidad

AS NEVES - Praza Maior, 6. Telf: 986 648 405  
BEADE - VIGO - Porto 66 Telf: 986 242 909  
GONDOMAR - Ameixeira, 10 Telf: 986 369 596

**RIVERO** Casa

RESTAURANTE

Tel: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO



## CONDADO / PARADANTA

## MONDARIZ

## Mondariz inicia un proxecto de promoción da igualdade entre homes e mulleres

O Concello de Mondariz, coa axuda da Deputación de Pontevedra, porá en marcha un proxecto que, baixo o nome 'Proxecto para a promoción participativa das relacións saudables en igualdade entre homes e mulleres', busca a consecución dunha igualdade real na vida cotiá.

O proxecto, que conta cun orzamento de 11.223 euros dos que a Deputación de Pontevedra achegará 6.000 euros, consta de catro accións ben definidas: 'Mondariz en Feminino, mulleres que cantan', 'Mondariz en Feminino, feminización da rúa', 'Escoita o son, muda a canción' e 'Telón, performance'. Cada un con obxectivos e desenvolvemento específicos, pero co mesmo obxectivo, visibilizar á muller e acadar unha igualdade real e efectiva "sen a que é imposible o desenvolvemento dunha sociedade harmónica e xusta", di o Goberno Local.

A iniciativa busca, a través do desenvolvemento destes catro proxectos específicos, salienta a importancia do papel xogado pola muller, ao longo da historia, na construción e o desenvolvemento social, e, dende esa perspectiva, recuperar a xenealoxía de mulleres que abriron paso cara a unha sociedade máis igualitaria e reivindicar o papel das mulleres como axentes sociais.

Así, iniciativas como Mulleres que cantan, busca evitar a ocultación do papel da muller na vida pública, política, social e veciñal que é un xeito de violencia indirecta e un dos aspectos máis perigosos da violencia simbólica. Feminización da rúa, pola súa banda, e a través dun acto de empoderamento das mulleres de Mondariz o 25N, permitirá que unha rúa leve o nome dunha muller ou colectivo de mulleres escollidas

para representar o papel das mulleres no municipio.

Pola súa banda, Escoita o son, muda a canción, tratará de facer chegar ao alumnado do Instituto do Concello, a necesidade de botar unha ollada crítica as mensaxes de moitas cancións, que moitas veces teñen tintes sexistas que pasan desapercibidos, e reescribilas dende unha perspectiva integradora e de xénero, reelaborando os modelos cos que construír unha sociedade igualitaria.

Pero, como o resultado deste proxecto non debe quedar cinguido ás aulas, o Telón. Performance, busca exactamente darlle visibilidade a ese traballo, plasmando nun soporte de tea esas mensaxes e, posteriormente realizando unha performance composta por pequenas accións que se apoian en medios audiovisuais, musicais, sonoros e lumínicos.



## Éxito da 1ª Marcha Cicloturista Montes de Mondariz

A Asociación Deportiva Mondariz, fundada este mesmo ano e que xa leva convocadas varias andainas e carreiras populares, organizou o pasado 12 de outubro unha marcha cicloturista polos montes de Mondariz. Cun percorrido de 40 quilómetros de dificultade media-alta cun desnivel de 1415 metros, a marcha saíu da Praza de Mondariz e transcorreu pola zona de Cernadela e Gargamala



## GALERÍA DE HERNÁNDEZ

## Globos de San Miguel en Pontearreas





## Un veciño de Ponteareas que pide respostas

O veciño de Ponteareas José C. Represas fainos chegar copias dunha serie de escritos dirixidos ao Sr. Alcalde solicitando resposta sobre: “a nula seguridade nocturna o día 28 /06/ 2016 cando só había un servizo composto por unha policía e un auxiliar, sen que lle conste reclamación algunha ao Ministerio do Interior da insuficiencias de gardas civís en Ponteareas, tendo que ser auxiliados por membros de Covelo e da Cañiza”. Reclama “informe respecto a non facer cumprir na madrugada do tres de xullo de 2016 a lei sobre ruidos de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG 27

/12/2013); por vulnerar o horario de forma reiterada no concerto da Feira Vella”. Solicita “informe sobre a non eliminación do consumo de alcohol e estupefacientes na vía pública en xeral e a carón da escola infantil local en particular (botellón)”. Informe sobre “limpeza viaria a fondo das beirarrúas da vila sucias por lixiviados e excrementos caninos, así como dos contedores do lixo na Rúa das Lavandeiras usados por Vego Supermercados S.A.”.

O devandito veciño tamén reclama “informe sobre as razóns da continuidade do bombeo da auga do río Tea en A Freixa cando dita auga non está recomendade

para o baño e cando no pontareano Monte Landín emerge un manantial de auga potable envasada por NAVALPOTRO S.L. en A Estrada e vendida no Corte Inglés; por que o Concello non inicia expediente de rescate de dito manancial para subministrar aos cidadáns auga de calidade; así como “informe sobre o control de calidade da auga da Fonte Pública da Rúa Real, onde non consta resultado das análíticas microbiolóxicas nin sinalización ao respecto sobre a salubridade da auga”

Logo de poñer estas reclamacións en coñecemento do Valedor do Pobo recibiu sendos escritos

de resposta nos que lle comunican que toman nota das súas queixas (25/08/2016). Con data 30/08/2016 o Valedor do Pobo respóstalle que sobre a denuncia da limpeza das beirarrúas e colectores da rúa Lavandeiras e sobre o control da auga da fonte pública denunciada elle remitida ao Concello por motivos da súa competencia.

Con data 16/09/2016 este veciño recibe escrito novo escrito do Valedor do Pobo no que lle informa que admite a trámite as súas denuncias, que dan lugar ao expediente N.7.0/13090/16 e que inicia as actuacións

oportunas ante o Concello de Ponteareas, requeríndolle que no prazo de 15 días lle facilite información sobre os problemas que motivan a súa queixa.

A día de hoxe non nos consta cal é a situación das devanditas queixas..



## Éxito na primeira Xornada de Cultura Urbana nas Neves

Contáronse por decenas as persoas que na tarde do pasado sábado se achegaron aos obradoiros de Cultura Urbana que a Concellería de Mocidade e Novas Tecnoloxías ofreceu de balde para a poboación máis nova do concello.

Skate, Breakdance, Graffiti e Beatbox, foron as actividades que practicaron as e os asistentes da man dos mo-

nitores da asociación Vella Escola, contratada para a ocasión. Actividades todas elas acollidas con grande interese e que ofreceron a posibilidade de gozar dunha solleira e agradable tarde facendo saltos con patinetes, monopatíns, bicicletas ou patíns, aprendendo as técnicas para realizar Breakdance, iniciándose na realización de graffitis

e probando as habilidades para a creación de música cos recursos corporais, principalmente coa boca.

Entre o público, dende crianzas de apenas 5 anos ata mozas e mozos de máis de 18 e mesmo algunha das persoas adultas que acudían como acompañantes e non dubidaron en probar algunha das disciplinas da cultura urbana que alí se estaban a practicar. E as reaccións, en tódolos casos foron de felicitación pola iniciativa e de desexo de que se repita.



**Castelo**  
MUEBLES

Tlf.: 986 654 312  
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

**Castelo 2**  
MUEBLES

Tlf.: 986 642 925  
Avda. Castela, nº 26. PONTEAREAS

**ATENCIÓN AL CLIENTE**  
**609 288 188**

**www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com**

**CAFE-BAR**  
**PIRI-PIRI**  
**JAMONERIA**

Especialidade en  
xamón asado e  
xamón serrano

Parada Auto Industrial

Progreso, 90 . A Cañiza . 986 652 332



## LOURIÑA

## SALCEDA DE CASELAS

## O Concello mellora o pavillón de deportes de Salceda

A Concellaría de Deportes do Concello de Salceda de Caselas está a acometer estes días unha serie de obras de mellora no Pavillón de Deportes de Altamira, enmarcadas en diferentes liñas de axuda da Deputación de Pontevedra e da Xunta de Galicia.

Por unha banda, estase a proceder á reparación da cuberta do Pavillón Municipal, co selado da mesma e o cambio das pezas traslúcidas existentes. Con esta mellora, por un lado eliminarase o grave problema de goteiras que está a ter a instalación, e por outro ganarase en luminosidade, cun maior aproveitamento da luz solar e o

consecuente aforro enerxético que isto supón. Esta acción, con un orzamento de 51.208,65 € está englobada no Plan Concellos 2016 da Deputación de Pontevedra, polo que será integralmente financiada polo ente provincial.

Por outra banda, dentro das Subvencións a Concellos para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, nos vindeiros días procederase á instalación dunha cortina separadora que permitirá un maior aproveitamento da pista deportiva, permitindo a realización de actividades simultáneas, algo que ata o de agora se facía imposible. Estamos a falar dunha cortina de poliéster recuberta en PVC con un tamaño de 24 x 13 metros, que permitirá dividir en dous a pista. Ademais procederase ao cambio das portas interiores do edificio (baños, oficinas, vestiarios...), moi deterioradas polo paso dos anos. Neste caso o orzamento é de 24.115,30 €, dos cales o Concello vai asumir 8.171,30 € e a Xunta o resto.



Por último, as obras completaranse co proxecto para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación, dentro das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de aforro e eficiencia enerxética na administración local 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través do INEGA. Realizarase o cambio das luminarias de todo o pavillón, tanto da pista deportiva como do resto das instalacións, sustituíndoas por iluminación LED que permitirá unha considerable redución na factura do consumo eléctrico. Para esta acción, cóntase con un orzamento de 21.387,19 €, dos cales o Concello asume 8.132,92 €.

Así, nun prazo de dous meses, Salceda contará con unhas instalacións deportivas reformadas. Lembremos que o Pavillón de Deportes é utilizado diariamente polo CEP Altamira, polas Escolas Deportivas Municipais e polos diferentes clubs deportivos, acollendo actividades diversas como baloncesto, balonmán, patinaxe, judo, bádminton, fútbol sala...

## Aberta a licitación dos postos da praza de abastos

A Concelleira de Comercio do Concello de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira, informa da apertura de prazo para solicitar a concesión de un posto na Praza de Abastos Municipal. As bases contemplan a concesión de 14 postos de venta, un bar e 24 bancadas para a venta de peixe fresco. Nos catorce postos de venta poderanse optar a espazos destinados a carnicería (4), peixería (2), delicatessen, quiosco, chacinería, aves e ovos, florería, panadería, froitería e venta de bacallau.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ata o vindeiro 3 de novembro. A concesión farase por un período de vinte anos que se poderá prorrogar en cinco anos máis.

O Equipo de Goberno de Movemento Salceda leva apostando firmemente pola posta en valor da Praza de Abastos, para o cal dende o ano 2013 se leva investido xa no edificio e a súa contorna un total de 362.272,03 €, realizando numerosas melloras que o están a converter xa en referencia en todo o País. Mostra disto é que a segunda

fase da reforma foi a que obtivo maior puntuación de tódalas presentadas na convocatoria de subvencións da Xunta de Galicia.

Cos investimentos realizados lévanse atallado xa problemas como as correntes de aire do edificio coa colocación de falso teito, ou a conexión coa zona de aparcadoiro da carballeira situada detrás da edificación, efectuando unha apertura no semisoto e executando unhas escaleiras de acceso.

Por outra banda, no afán de dinamizar o mercado ofrecendo novos servizos, creouse tamén a zona de cafetería que agora sae a concurso, con servizo tanto ao interior como ao exterior do edificio, que contará con autonomía propia de funcionamento, independentemente do propio mercado.

Loli Castiñeira destacou a "absoluta transparencia e igualdade de oportunidades coa que se realiza este procedemento, que nace como un novo proxecto de revitalizar a praza e dotala de todo o seu potencial como centro de venta de produtos frescos da máxima calidade".



**Repuestos OJEA**  
MECANISMO AUTOMATIZADO  
Avda. Galicia, 44 Bajo  
Salceda de Caselas  
Tel: 986 34 33 71  
Fax: 986 349 686  
repuestosojea@gmail.com

**Pizzeria D'Camilo**  
V.P. Vidal, 25  
Salceda de Caselas  
Telf: 986 34 06 61

**EMILIO seguros**  
DECEOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD  
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...  
telf. información: 609 544 351



## O PORRIÑO

## O Porriño grita non ao tren polo centro da vila

O venres 7 de outubro centos de persoas saíron a rúa no Porriño para esixir a eliminación do paso a nivel e o tramo de vía que atravesa a vila.

A manifestación comezou no paso a nivel e percorreu as rúas do centro para rematar no mesmo punto das vías, onde se leu o manifesto acordado por tódolas forzas políticas do Porriño que a continuación reproducimos:

"O pasado día 9 de setembro produciuse un accidente ferroviario á entrada da Estación do Porriño, ao descarrilar o tren que facía a ruta Vigo- Porto.

Como resultado do devandito accidente faleceron catro persoas, e case medio centenar resultaron feridas de diversa consideración.

As primeiras persoas que acudiron a socorrer ás vítimas foron os veciños e veciñas do Porriño, que de forma absolutamente valente, solidaria e desinteresada, entraron nos vagóns para axudar no que fixese falta. Nunca poderemos agradecervos o suficiente o exemplo que distes.

O pobo do Porriño xa asistiu a un número demasiado alto de falecementos a causa do paso do tren polo centro do Porriño. Non



podemos tolerar máis mortes.

Desde os anos 50 do século XX vén reivindicando a eliminación da vía do tren polo centro, que tronza o día a día da nosa vila, sen que ningún dos gobernos que foron pasando polo Estado español, desde a ditadura, pasando á democracia, con UCD, PSOE ou PP, fixesen ningunha proposta axeitada para eliminar este perigo que nos axeca cada día.

Os cidadáns do Porriño queremos aclarar que non rexeitamos o tren como medio de transporte, a

nosa reivindicación é a eliminación do tramo de vía que pasa polo centro do Porriño, que pon en risco a vida de miles de cidadáns que cada día pasan polo paso a nivel con barreiras, no mesmo centro da Vila.

Apoiamos a existencia dun tren modernizado, ao servizo da xente que mellora a nosa vida e a da xente da contorna, con frecuencias de parada, que de servizos aos Polígonos e que se integre dentro do plan de transporte do área metropolitana; e

desde logo o paso por unha liña que data xa de 1878 e discorre polo centro dun Concello de máis de 20.000 habitantes, NON É EXEMPLO DE TREN MODERNO

ESIXIMOS que os reponsables de Renfe se reúnan cos membros da Corporación do Porriño ofrecendo compromisos claros e precisos sobre a retirada da vía e cun calendario detallado de actuacións para conseguir o Obxectivo ao que non imos renunciar: A ELIMINACIÓN DAS VÍAS DO TREN POLO CENTRO DO PORRIÑO."

## O punto SmartPeme organiza actividades en outubro

O punto SmartPeme, pon a súa disposición de autónomos e pequenas empresas servizos gratuítos de información e asesoramento presencial e personalizado en relación ás TIC e ás novas tecnoloxías.

Entre as distintas actividades que desenvolve SmartPeme, que terán lugar este mes de outubro na sede do mesmo no Multicentro do Concello do Porriño, en Torneiros, cabe salientar os seguintes: Martes, día 18 ás 7 da tarde, 'Linkedin, a túa rede de networking'; Mércores, día 26, á mesma hora, 'Coñece as claves para a dixitalización documental'; Venres, día 28, 'A túa páxina web con Wordpress'.

Para asistir os eventos, pódese reservar praza, indicando evento, no 886 20 20 20, por Email en [oporriño.smartpeme@depo.es](mailto:oporriño.smartpeme@depo.es) e na Web [www.smartpeme.depo.es](http://www.smartpeme.depo.es).

## Colocadas as placas das Rúas Nicanor Ocampo e Irmáns Pérez Leirós

As placas que nomean as rúas adicadas a Nicanor Ocampo e aos Irmáns Pérez Leirós xa están penduradas, dende o xoves pasado, no seu lugar. O concelleiro de Urbanismo, Comercio e Industria, Marcelino Coto, recuperou as mesmas antes de que se perdesen, e cumprindo un acordo, de hai varios anos, aprobado polo Pleno da Corporación do Porriño, ordenou a súa colocación.

A rúa adicada a Nicanor Ocampo pasa

preto do lugar onde viviu hai anos, comunicando a Avenida de Galicia e Ramiranes; pola súa banda, a travesía que leva o nome dos Irmáns Pérez Leirós, va de Tarela á Avenida de Antonio Palacios.

Marcelino Coto lembrou a importancia que Nicanor Ocampo, veterinario de profesión tivo para O Porriño. "Don Nicanor non so destacou no seu campo de traballo, senón que tivo unha importancia sobre-

saínte no desenrolo económico, empresarial e cultural da nosa vila", sinala Coto, quen lembra a súa capacidade de traballo, a súa adicación ao Porriño dende importantísimos cargos en diferentes empresas privadas, a labor a prol da radicación no concello de destacadas firmas e, a adicación á "nosa vida social e cultural, coma presidente, durante moitos anos, do Círculo Recreativo Cultural.

Polo que atingue aos irmáns Pérez Leirós, o concelleiro salienta "un espírito emprendedor exemplar", grazas ao cal, partindo de cero, fundaron e desenrolaron "un importantísimo grupo industrial que

se espallou dentro e fora do noso concello creando dúcias de postos de traballo".



**Citanía**  
Mobiliario & Descanso  
Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas  
Telf./ Fax : 986 34 06 06  
[www.facebook.com](http://www.facebook.com) - [info@citaniasalceda.com](mailto:info@citaniasalceda.com)  
[www.citaniasalceda.com](http://www.citaniasalceda.com)

**Jose A. Cabaleiro R.**  
Fontanería - Calefacción - Electricidad  
Bombas Sumergibles - Piscinas  
Placas Solares Térmicas - Biomasa  
Telf.: 639284053  
e-mail: [jacrielo@hotmail.com](mailto:jacrielo@hotmail.com)  
Cerqueiral nº8A - Po. 36471 - Entenza

**ElectroGranxa**  
ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO  
Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 [electrogranxa@electrogranxa.com](mailto:electrogranxa@electrogranxa.com)  
[www.electrogranxa.com](http://www.electrogranxa.com)  
Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 259 - Nave 3, 36400 PORRIÑO - Pontevedra



## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## 50 universitarios de Saraxevo e Albania de Erasmus no Porriño



Un grupo de 50 alumnos, 30 de dous centros universitarios, da 'Escola Superior CEPS', en Kiseljak, preto de Saraxevo, e do 'Logos Centar College', en Mostar, que cursan estudos de Económicas, Dereito, Transporte, Tráfico ou Marketing, ensinos todos relacionados coa área de negocios, e outros 20, que proceden da 'Universidade Aleksander Xhuvani', de Elbasan, en Albania, que estarán entre 4 e 6 meses no

Porriño, visitaron o Concello e coñeceron á alcaldesa, Eva García de la Torre e á concelleira de Educación Lourdes Moure.

Acompañados pola directora do IES Ribeira do Louro, Juana Muñoz, por Amador Ordoñez, coordinador de proxectos europeos do centro, e por os profesores que os acompañan, e que permanecerán no Porriño dúas semanas, os estudantes amosaron a súa satisfacción por ter a

oportunidade de ampliar a súa formación neste instituto, e nos de Ricardo Mella e Manoel Antonio dentro do programa Erasmus.

Eva García de la Torre agradeceu a súa visita, animoulles a coñecer e integrarse no Porriño, a relacionarse coas súas veciñas e veciños, e a aproveitar a estadia non so para aprender senón para "amosarnos a vosa cultura, os vosos costumes e deixarnos que os amosemos os nosos".

Como sinalou o profesor Ordoñez, ao mesmo tempo que estes xoves están no Porriño, alumnos porriñeses melloran os seus estudos na Escola Superior CEPS, en Kiseljak, e en Elbasan, dentro do programa Erasmus KA 107, que se coordina dende O Porriño e que é, como subliña o profesor, "dos menos frecuentes, xa que é para países de fora da Unión Europea", e que e se limitaban a estudos de pos grao, "e que agora son para

ciclo superior e grao", e que abrangue, asimesmo, a alumnos da India e de Tailandia.

Dentro deste mesmo programa, indica Ordoñez, xa se estableceron, "ao longo do verán", contactos con centros de Xordania, Líbano, Camboia e Vietnam, e "imos a recibir no Porriño, antes de final deste mesmo ano, a estudantes e profesores da India e de Tailandia, nun congreso que queremos organizar, aquí mesmo, en novembro".

## Seminario "Os datos da miña peme están seguros?" na aula CeMIT

Aula da Rede CeMIT do Porriño ceebrará este xoves, día 20, de 17 a 20:00 h., na súa sede, o seminario "Os datos da miña peme

están seguros?". O mesmo será impartido por Carlos Díaz, enxeñeiro e consultor experto en redes de datos e seguridade corporativa. Dende o ano 2008 tra-

balla como director de proxectos, analizando e implantando solucións de redes e seguridade da información en pemes do eido industrial, da sanidade e a

educación privadas entre outros.

Os contidos do seminario serán os seguintes: os piares da seguridade da información; ameazas externas e internas na organización; xestión e control de internet na peme; a fuga de información; mobilidade e produtividade: smartphone e wifi; virus, vermes e outros bichos; en

vivo e en directo; o que hai que ver; onde estamos conectados e un selfie ... malicioso

As persoas interesadas en asistir deberán facer a súa reserva da praza na propia Aula CeMIT, no teléfono 986.338.217 ou ben enviando un correo electrónico a [cemit.oporrino@xunta.es](mailto:cemit.oporrino@xunta.es).

## GALERÍA DE HERNÁNDEZ

## Festa dos Callos e Marcha Ciclista no Porriño





## O PORRIÑO

## Rematadas as reformas no CEIP Cruz Budiño

O pasado mes de novembro, durante unha visita ao Colexio de Educación e Primaria Cruz-Budiño, a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, comprometeuse co seu director, José Luis Freire, a xefa de estudos e a presidenta da Asociación de Nais e Pais (ANPA) a acometer e rematar as reformas máis importantes que, de acordo co transmitido polos responsábeis do centro, necesitaba o mesmo.

Entre elas estaban un peche do perímetro que garantise a seguridade das nenas e nenos, o illamento das aulas de Infantil, a contratación dun bedel- xa que o colexio compartía o mesmo co CEIP de Atios- a reparación dos baños e o remate da biblioteca.

Naquela visita, Eva García de la Torre, espuxo ao director e á responsábel da ANPA que a Deputación de Pontevedra comprometérase, no mandato anterior, a aprobar un orzamento de 25.000 € para o devandito peche, unha cantidade que, finalmente, nunca chegou ao Concello porque o anterior goberno local non presentou á Deputación proxecto algún para o mesmo.

O pasado venres, acompañada pola concelleira de Educación, Lourdes Moure, a alcaldesa acudiu ao Colexio Cruz Budiño para constatar que o valado que pecha o perímetro do centro está rematado, asimesmo, se fixo o illamento das aulas de infantil,



ademais da reparación dos baños e a contratación dun novo bedel. Polo que atangue á Biblioteca, a mesma está a piques de abrir, a falta da colocación dos mobles, que teñen un custo de 1.000 €, dos que se fará cargo tamén o Concello.

Eva García de la Torre asegurou que, o mesmo xeito, nuns días, a Concellería de Educación estudará como eliminar as filtracións de auga do pavillón do colexio e concluirá a colocación do valado da parte posterior.

A alcaldesa subliñou que deste xeito cumpríase cunha “demanda histórica, de moitos anos atrás”, dos veciños da parroquia, da directiva do colexio, dos seus pro-

fesores e pais e nais das 114 nenas e nenos que cursan estudos nos CEIP Cruz-Budiño.

García de la Torre engadiu que dende o Concello se da e se dará solución, “dentro das posibilidades orzamentarias e de investimento”, ás necesidades dos centros educativos, “maila a que moitísimas veces é competencia da Xunta que non fai fronte ás súas obrigas derivadas de que ten as competencias en Educación, e esas obrigas teñen que ser asumidas polo Concello do Porriño que, mentes eu sexa alcaldesa, non deixará de atender ás rapazas e rapaces para que poidan formarse nas mellores condicións posíbeis”.

## Mellora da estrada que sube ás Insuas en Atios

A Concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, ven de rematar, con cargo a unha subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dentro do Plan Marco, a mellora da estrada que transita polas Insuas, na parroquia de Atios.

Cun orzamento total de 81.605 €, foi posible actuar en máis dun quilómetro no que se fixo o cambio do pavimento, o aumento do ancho do vial, nalgún treito ata dous metros, supresión de curvas, retirada de obstáculos, limpeza, establecemento de beirarrúas e pintado.

Como subliña Manuel Carrera, esta actuación puido levarse adiante grazas a cesión de terreo, “de xeito desinteresado, sen compensación económica”, por parte dos veciños

que “levaban anos reivindicando a mellora desta estrada” na que hai zonas de especial perigo para a circulación.

Acabar con esta perigosidade e garantir a seguridade vial foi o obxectivo principal da obra, que terá continuidade nos vindeiros meses, aproveitando que se cumpren os requisitos establecidos pola Axencia Galega de Desenvolvemento, que fixa, entre eles que o vial dea entrada a explotacións agrícolas, gandeiras ou, como neste caso, a montes veciñais.

Aproveitando as obras, o Concello acometeu, ademais, a colocación do saneamento para varias vivendas que, dende agora, ademais de entrada dende a nova estrada, disporán xa dun subministro de auga igual que o resto das veciñas e veciños do Porriño.



Concello do  
Porriño

unha ollada diferente



## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## 'Macro e auga' do fotógrafo porriñés Juan Carlos Giráldez, e 'As nenas e nenos soldado' do senegalés Momar Badiane, no Centro Cultural Municipal



O mércores 19 inaugurábase no Centro Cultural Municipal a exposición fotográfica "Macro e auga", obra do fotógrafo Juan Carlos Giráldez, da parroquia de Atios.

Juan Carlos Giráldez recoñécese especialmente apaixonado pola fotografía macro, que ofrece a posibilidade de destacar o máis imperceptible detalle de plantas, insectos, obxectos... centrándose en elementos que habitualmente pasan desapercibidos a simple vista.

Asimesmo, dende ese mesmo día, e co respaldo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade,

ábrese a exposición "As Nenas e Nenos Soldado" de Momar Badiane.

O pintor, escenógrafo, deseñador gráfico e debuxante comprometido co seu tempo, nado preto de Dakar, denuncia nesta exposición unha das prácticas máis inhumanas que existen dentro dos conflitos armados, principalmente dende a súa óptica africana.

Como actividade complementaria a esta exposición, o Fondo Galego de Cooperación ofrece unha charla informativa sobre a problemática dos nenos dentro dos conflitos africanos, o día 21 de outubro, ás 20:00 h. no Centro Cultural.

## Vinte persoas recibirán 6 meses de formación co Plan de Desenvolvemento Xitano

Unha vintena de persoas empezaron o pasado día 22, no Centro Multiusos de Torneiros, o primeiro dos tres cursos dos que consta o período formativo correspondente ao popularmente coñecido como 'Plan de Desenvolvemento Xitano', organizado pola Concellería de Benestar, dirixida por Soledad Girón, e subvencionado pola Xunta.

Os cursos, que abranguen dende o 22 de setembro deste ano ao 17 de marzo de 2017, teñen coma finalidade a promoción da integración social deste colectivo, así como poñer os medios que faciliten o a súa incorporación efectiva ao mercado laboral.

O Porriño é un dos concellos de Galicia no que residen maior número de familias de etnia xitana o que incide na importancia de que o Concello desenrole todo artellamento



que conquira que os seus integrantes poidan mellorar a súa calidade de vida.

Durante 120 horas, os luns, mércores e xoves, de 9 da mañá a 1 da tarde, os asistentes completarán un curso de restauración de mobles e

utensilios de uso cotiá; rematado o mesmo, durante 40 horas, no mesmo horario, coñecerán técnicas de busca de emprego e, finalmente, cunha duración de 60 horas, recibirán formación sobre a procura activa de vivenda.

## O Obradoiro de emprego restaurará a escola de Atios e o Centro da Natureza das Gándaras

A concelleira de Emprego e Benestar, Soledad Girón, acompañada pola delegada territorial de Emprego da Xunta, deu a benvinda aos 20 participantes no Obradoiro de Emprego que durante 6 meses, dende este 29 de setembro, ao 28 de marzo de 2017, adquirirán coñecementos de albanería e traballo forestal.

Os participantes, homes e mulleres, seleccionados pola Oficina do Servizo Galego de Emprego, farán un traballo remunerado e con alta na Seguridade Social durante os seis meses de duración do obradoiro recibindo, ao mesmo tempo, formación, teórica e práctica, de profesionais acreditados que contribuirán a mellorar a súa empregabilidade.

O obradoiro estará dividido en dúas actividades: nunha delas 10



alumnas e alumnos acometerán a reforma da antiga Escola Unitaria de Covelo, na parroquia de Atios, realizando operacións auxiliares de revestimento; a segunda delas consistirá na restauración ambiental da parcela en ruínas do Centro de

Interpretación da Natureza nas Gándaras de Budiño.

O orzamento total do obradoiro será de 179.134,2€, dos que o Concello do Porriño pon un total de 40.000 €, asumindo a Administración galega os 139.134,2€ restantes.

*Vinoteca*  
**Eira Vella**  
*vino, tostas, pulgas e demais...*

Rosalía de Castro 12 Baixo  
Ponteareas

694 416 706

**LIMPIEZAS PONTAREAS**

Comunidades, Colegios, oficinas  
cristalerías, moquetas, abrellantado  
de suelos, primeras obras,  
limpieza de fachadas

Rúa de Lavandeiros, 3 Baixo  
26860 PONTEAREAS  
Telf. y Fax: 986 661 652

**Trabajos de Imprenta**

COPIAS B/N - COLOR - PLANOS  
IMPRESION DIGITAL COLOR  
ENCHUADERNACIONES - FAX  
PLOTTER - CARTELES  
PLASTIFICADOS  
PUBLICIDAD

Tel. - Fax 986 642 971

C/ Trovador Xoán G. de Guillade, 2  
Ponteareas - Pontevedra  
E-mail: ornacopy@ornacopy.com

**Copisteria ALMAR**

Jesús Bastos Martínez  
629 40 17 17



## O Open de Galicia de Enduro pechouse en Budiño con vitoria do campión Óscar Martínez

**R**ematou a temporada de BTT en territorio galego e fíxoo sen sorpresas na última xornada do Open de Galicia de Enduro. Óscar Martínez del Campo conseguiu no Enduro BTT Faro de Budiño a súa cuarta vitoria do curso. O rider elite do Xtrembike chegou a esta cita no concello pontevedrés do Porriño co título asegurado matemáticamente e tampouco se rexistrou ningún cambio de líder nas outras seis categorías deste certame.

Despois de que no 2012 se convertira nun dos primeiros enduros disputados en Galicia, a segunda edición do Enduro BTT Faro de Budiño regresou ao calendario organizado pola A.D. A Forna. Coa súa celebración púxose fin ao Open 2016 desta modalidade, que arrancou no mes de marzo e que nas súas seis anteriores xornadas tivo como escenarios Vigo, Mugardos, Salceda, A Cañiza, e dúas probas en Gondomar.

Na liña de saída situada na Asociación Cultural da Forna reuníronse 63 participantes, entre eles dous recentes campións de España, o máster-30 Tony Pérez (Laesport) e a elite feminina De-

sirée Duarte (Bopapel). A ponteareá foi a única muller inscrita en Budiño e non puido medirse a Eva Abadín (Barbanzabike), a vencedora do Open de Galicia, que está lesionada tras sufrir unha caída na anterior xornada deste certame na Serra do Galiñeiro.

A clasificación scratch masculina viviu un pulso tremendamente igualado entre Óscar Martínez e Tony Pérez. Nun circuíto con cinco treitos cronometrados de dificultade media e un terreo húmido polas chuvias caídas a noite anterior, o representante elite do Xtrembike decantou a balanza no terceiro parcial. Martínez conseguiu sete segundos de vantaxe neste sector, o máis físico de todos, e administrou esa renda ata o final para impoñerse cun tempo de 20:49:969, sendo 5" máis rápido que o rider máster-30 do Laesport. A terceira posición foi para o tamén máster-30 José Manuel López (+Enduro) a 38" do gañador.

No resto de categorías os mellores rexistros marcáronos Francisco Serantes (BTT Castrobike) en Júnior, Raúl Fernández (Insitu



Ciclismo) en Sub23, Marcos José Ríos (THC Bike) en Máster-40, Carlos Táboas (Quebici Marcisport) en Máster-50 e Pedro Gonzalo (Bici Verde) entre os cadetes, un grupo de idade que non conta para o Open de Galicia.

Cerimonia de clausura

Con Óscar Martínez e Eva Abadín como vencedores Elite, outros cinco riders recibiron na

cerimonia de clausura os seus maillots como primeiros clasificados nos rankings finais do certame organizado pola Federación Galega de Ciclismo. Francisco Serantes acadou o título en Junior, Brais Boullosa (Bici Verde) en Sub23, Tony Pérez en Máster-30, Marcos José Ríos en Máster-40 e Carlos José Táboas en Máster-50. A esta nómina sumouse o Club Ciclista Bici Verde de Vigo, gaña-

dor por equipos.

Nesta entrega de premios participaron Manuel Carrera, concelleiro de Deportes do Porriño e excorredor profesional; Luis Martínez, presidente da Asociación Cultural de A Forna; Jacobo Ucha, ciclista profesional que actualmente milita no Radio Popular-Boavista portugués; e Begoña Carpinteiro, secretaria da Federación Galega de Ciclismo.

## Dous ouros para o Club Ximnasia Porriño no Campionato Galego

**O** conxunto cadete e o bexamín Hernán Sío subíronse ao máis alto do podium galego

O domingo celebrouse en Ourense o Campionato Galego de Base de Conxuntos e Individual masculino de ximnasia rítmica, no

que o Club Ximnasia Porriño se fixo con dous ouros.

O conxunto cadete, formado por Marta Pardellas, Noa Filgueira, Sofía Sousa, Nuria Iglesias e Julia Sío, proclamouse por quinta vez na súa traxectoria Campión Galego, tras dous bos exercicios de cintas

e pelotas.

Do mesmo xeito, o bexamín Hernán Sío subíuse ao máis alto do podium na súa categoría.

Esta clasificación dalles o pase directo para o Campionato de España que se celebrará entre os días 8 e 13 de novembro en Valladolid.





## LOURIÑA

MOS

## Mos abre expediente á empresa concesionaria do servizo de limpeza de cunetas

Debido ás constantes queixas por parte da veciñanza no escaso tempo transcorrido da execución do contrato pola empresa adxudicataria, constatando unha deficiente prestación deste servizo, tal como unha evidente desorganización, falta de continuidade nos traballos, así como unha clara falla dos medios necesarios para acometer dito servizo, nin que dicir da continua denuncia pola mala ou nula recollida do material de desbroce, a rexidora local, ordenou que se fixesen comprobacións técnicas de maneira continuada nas que quedaron confirmadas ditas deficiencias no servizo.

“Dende o pasado mes de Xullo en que esta empresa asinou o contrato e deron comezo os traballos de limpeza nas parroquias foron múltiples as visitas realizadas por concelleiros acompañados polos técnicos municipais ás distintas parroquias onde se estaban executando os traballos, advertíndolle ós responsables da empresa da deficiencia detectada na execución dos traba-

llos contratados e instándolle a súa boa realización e o arranxo dos desperfectos ocasionados en diversos puntos” Sinala Arévalo, polo que prosigue “feitas numerosas advertencias, detéctase que non houbo melloras na realización do servizo, continuando as incidencias mencionadas sen arranxar, é por isto que vémonos na obriga na mañá de hoxe, en reunión cos técnicos municipais e o equipo de goberno, de ordenar a apertura de expediente a empresa concesionaria”

O incumprimento das condicións establecidas no contrato asinado co Concello, dará lugar ás correspondentes penalizacións, previo expediente tramitado ao efecto; sinalándolle ademais que o incumprimento continuado das obrigas contractuais é causa de rescisión do contrato.

“O concello realiza un esforzo económico importantísimo para poder dar un servizo tan necesario os veciños de Mos e non vai permitir de ningún xeito que non se realice da maneira axeitada” finaliza a rexedora.

## Bota a andar a rede solidaria municipal Mos Axuda

A concelleira de Política Social mosense, Sara Cebreiro, informou de que se recibiron 5.500 quilos de alimentos a través dun proxecto de colaboración coa Cruz Vermella e que serán distribuídos mediante o programa Mos Axuda.

Estas cinco toneladas e media de alimentos comezaron a repartir entre as familias mosenses que contan co pertinente informe emitido polos Servizos Sociais municipais.

Cebreiro aproveitou para explicar tamén que a partir de agora o banco de alimentos e o roupeiro do Club de Leones pasan a ser xestionados por este novo proxecto solidario municipal que é Mos Axuda. Unha importante novidade que inclúe Mos Axuda é o reparto semanal de peixe fresco ás familias beneficiarias, produto que é doado por unha empresa pesqueira.

A edil de Política Social do Concello de Mos avanzou tamén que “este mesmo mes empezaremos a organizar a tradicional campaña da tempada navideña, Nadal Solidario, que xa é un referente na nosa localidade”. Nela colaboran dende empresarios ata supermercados, colexios, asociacións e particulares mosenses.

O proxecto Mos Axuda é posible grazas á participación no



mesmo de numerosos voluntarios: permanentemente os de Protección Civil e actualmente os oito mozos e mozas do programa de Voluntariado Xuvenil subvencionado pola Xunta de Galicia. “Sen embargo”, explica Cebreiro, “dada a necesidade de persoal implicado neste proxecto social, dende o Concello continuamos coa campaña de captación e formación de voluntarios e, xustamente estes días, estamos a formar un grupo para levar a cabo un curso formativo sobre voluntariado gratuito para tódolos interesados e impartido pola Cruz Vermella, no que todas as persoas que queiran participar aínda están a tempo de inscribirse”.

Mos Axuda tamén ten habili-

tado un número de teléfono de contacto, o 627 133 828, ao que se poden dirixir todos aqueles voluntarios/as que desexen entrar a formar parte do programa; así coma calquera particular interesado en colaborar facendo doazóns de todo tipo para os beneficiarios do proxecto: tanto alimentos como roupa ou calquera outra aportación (mobiliario, obxectos de puericultura, etc.). O horario de atención neste teléfono é continuado e ininterrompido, mentres que o horario de entrega e recollida de doazóns no local de Mos Axuda é todos os martes de 18.00 horas a 20.00 horas da tarde. A dirección do local é Avenida de Peinador 25, Puxeiros-Mos.

## 101 usuarios beneficianse dos cursos de natación e ximnasia para maiores

O proxecto “Exercítate” está dirixido á xente da terceira idade do Concello de Mos e a súa finalidade é mellorar a calidade de vida das persoas maiores, e potenciar tanto a saúde física coma a mental mediante actividades lúdico-deportivas.

Realizan únicamente a actividade de natación 48 persoas e só a de ximnasia 33, mentres que asisten a ambos cursos: natación e ximnasia un grupo de 20 usuarios/as, o que suma un total de 101 beneficiarios/as. O programa municipal “Exercítate” é para

persoas empadroadas no Concello de Mos maiores de 65 anos, ou pensionistas maiores de 55 anos.

Cada curso divídese en dous grupos que teñen clase dous días á semana: os de natación son os martes e xoves de 10.45 horas a 11.30 horas e os mércores e venres de 11.00 horas a 11.45 horas, e os de ximnasia de mantemento son por unha banda os mércores e venres e por outra os martes e xoves, en ambos casos en horario de 10.45 horas a 11.45 horas.





## Tomiño e Cerveira poñen en marcha un programa piloto para compartir servizos públicos

Máis de 20.000 habitantes dos municipios limítrofes de Tomiño e Vila Nova de Cerveira, poderán beneficiarse do programa piloto “Pin-gas de auga por notas de música”, que ambos concellos están a por en marcha, no marco da Axenda Estratéxica de cooperación Transfronteiriza Cerveira-Tomiño, presentada á primeira convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal POCTEP-INTERREG VA.

Deste modo, a veciñanza de Cerveira disporá a partir de agora, dunha oferta de ensino en materia de música e teatro, e a de Tomiño, dunha piscina climatizada. Ambas públicas.

“Os beneficiarios disporán de máis servizos, accesibles e asequibles; en especial, colectivos de persoas maiores, mozos e mozas en idade escolar, persoas con discapacidade, etc.”, expli-



cou a alcaldesa Sandra González. Segundo comentou, estes colectivos gozarán de accións promocionais concretas para garantir ao seu acceso aos servizos compartidos. Nun futuro se elaborarán itinerarios singulizados por cada grupo, cos horarios máis idóneos para cada un, modos de transporte adaptado, monitores especializados, etc,

Ao mesmo tempo, os cidadáns poderán acceder á matrícula de cada un dos equipamentos, nun lugar físico do seu propio concello, sen ter que desprazarse.

Nas próximas semanas, levaranse a cabo sendas campañas de difusión, a un e outro lado da fronteira, para informar á cidadanía das vantaxes d programa.

## Os tomiñeses elixirán o nome do IES

Abaixo o prazo para recibir propostas para que a comunidade escolar e os habitantes de Tomiño participen, democraticamente, na escolla dun nome para o Instituto de Ensino Secundario (a denominación oficial actual é IES Tomiño). A recollida de propostas farase no propio instituto, podendo igualmente chegar as votacións á Casa do Concello.

O proceso rematará o 31 do

mesmo mes, cando o consello escolar proceda a escutar o resultado das votacións. O plan estará supervisado por un comité de selección, integrado polo director do instituto, Carlos Villanueva; a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e os expertos Albino Prada (doutor en economía do Foro Económico de Galicia), Daniel Pino (urbanista e sociólogo), Zara Pousa (secretaria da Fundación Xavier Pousa) e María Alonso (Premio

Nacional de Traducción).

O proceso popular do bautizo é unha iniciativa pioneira, incluída no programa Educación da boa, posto en marcha no curso pasado entre o Concello e o centro educativo, coa finalidade de promocionar o instituto e un ensino público de calidade.

As bases para participar poden consultarse no propio instituto, na Casa do Concello, ou nas páxinas web do Concello e IES.

## A Aula CeMIT abre unha nova convocatoria para obter a Certificación Galega en Competencias Dixitais en Ofimática

A Aula CeMIT abre unha nova convocatoria para poder obter a Certificación Galega en Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX).

O vindeiro 16 de novembro, en diferentes aulas CeMIT galegas, entre eles a de Tomiño, e da Guarda, vaise celebrar un exame para poder obter o citado título.

Esta convocatoria está aberta todas aquelas persoas que, ben pola súa experiencia, ou pola súa formación (cursos, academias, autoformación, etc.), xa posúen os coñecementos necesarios das aplicacións informáticas que compoñen o módulo formativo

MF0233\_2 «Ofimática», baixo o paquete de Libre Office.

Por outra banda, na aula CeMIT de Tomiño estanse a celebrar cursos para axudar ás persoas que o precisen, a obter o devandito certificado.

Para máis información, acceder ao enlace <https://cemit.xunta.gal/gl/node/6490>, chamar ao teléfono 986623304, enviar un e-mail a [cemit.tomino@xunta.gal](mailto:cemit.tomino@xunta.gal), ou pasar pola aula, sita no parque do Campo da Feira no seguinte horario: luns, mércores e venres, de 9.30 a 14.00 horas, e martes e xoves, de 19.15 a 20.30.

## O PSOE de Tomiño protesta pola hipocresía do BNG no tema dos refuxiados

Mentres a alcaldesa de Tomiño inauguraba oficialmente a mostra fotográfica “Exodus: na procura do refuxio”, integrantes do PSOE de Tomiño repartían entre os asistentes esta copia da moción que o PSOE presentou no seu día para que Tomiño formara parte da Rede de municipios solidarios que acollen a refuxiados, moción que foi rexeitada polo BNG.

Con esta acción, sinala Mónica Hermida, portavoz do PSOE en Tomiño, “quixemos poñer sobre a mesa que ante unha traxedia humana como a que hoxe, neste mesmo minuto, están sufrindo criaturas, mulleres e homes, é

obscena esta exhibición da “política das aparencias”, habitual neste Concello. A única mostra de apoio do BNG ás persoas refuxiadas foi fai uns meses un papelino solidarizándose cos seus sufrimentos, pouco despois de rexeitar a nosa moción para que Tomiño formara parte dos moitos municipios solidarios cuxos actos son algo máis que palabras”, e continúa “e hoxe acollen esta magnífica exposición, fundamental para remover conciencias e motivar a solidariedade da poboación, pero inútil se detrás non hai unha acción municipal positiva e decidida para axudar ás vítimas desta catástrofe”.





## BAIXO MIÑO

## A GUARDA

## Exposición Escenarios da Prehistoria no Centro Cultural de A Guarda



O venres 14 tivo lugar a inauguración da exposición fotográfica “Escenarios da Prehistoria” no Centro Cultural da Guarda. Chega así ó concello da Guarda, tras estar en Marín, Mos e Cuntis, unha mostra organizada polo Servizo de Cultura e Lingua da Deputación de Pontevedra e enmarcada dentro da programación cultural do Ano Castelao.

Esta iniciativa xorde coa idea de percorrer as mámoas, castros e petróglifos máis singulares da provincia a través das fotografías de Federico de la Peña. Ademais, tamén busca reflexar a preocupación que Castelao sem-

pre mostrou polo noso patrimonio arqueolóxico e artístico e que deixou patente en obras como ‘As cruces de pedra na Galiza’. Incluso na década de 1920 formou parte da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, que nacera o século anterior co obxectivo de estudar e conservar elementos do noso patrimonio, así como a música e a poesía popular. É esta idea, a de conservar o noso patrimonio, a que vertebra a exposición ‘Escenarios da Prehistoria’, na que se pon de manifesto un dos bens patrimoniais máis relevante da nosa provincia, como é a súa riqueza en asentamentos prehistóricos de gran relevancia.

A mostra estará aberta ó público dende o venres 14 ata o luns 31 de outubro no Centro Cultural da Guarda. O horario, de luns a venres, será das 10 ás 13 horas pola mañá e de 17 a 20 horas pola tarde; os sábados só en horario de mañá das 10 ás 13 horas.

Nestas datas os visitantes poderán desfrutar dunha exposición que se divide en catro grandes bloques temáticos: Asentamentos paleolíticos, Monumentos megalíticos, Petróglifos e Castros; e que ten como obxectivo principal poñer en valor o patrimonio da provincia de Pontevedra, dándoo a coñecer nos diferentes concellos.

## Xornada micolóxica organizada pola OMIX



O 12 de novembro terá lugar na Guarda unha xornada de micoloxía organizada pola Concellería de Xuventude. Nesta xornada aprenderemos a ecoloxía dos fungos, un mundo cheo de curiosidades sobre uns organismos fundamentais para o funcionamento dos ecosistemas. Ademais iniciáronos no proceso de identificación de cogomelos; os froitos dalgúns fungos. Ante todo aprenderemos a respectar estes organismos e a actuar de forma responsable no caso de que esteamos interesados na súa recolección.

A xornada estará dividida en dúas partes: pola mañá terá lugar a parte expositiva a partir das 10 da mañá e pola tarde levarase a cabo unha saída ao monte co fin de exemplificar mellor a procura de setas.

As prazas son limitadas polo que a inscrición será na OMIX ou ben a través do seu e-mail [informacion@aguarda.es](mailto:informacion@aguarda.es) ou no teléfono 986 614 546.

## Prazas dispoñibles na “I Actividade e Mantemento para Maiores” na Guarda

O 4 de outubro, deu comezo a “I Actividade e Mantemento para Maiores”, unha das iniciativas impulsadas dende a Concellería de Deportes do Concello da Guarda para este mes de outubro. Esta iniciativa, que é de balde, ten como principal obxectivo potenciar a actividade física como medio de mantemento da saúde e do benestar xeral do corpo.

A actividade desenvolverase durante catro semanas deste mes, con dúas sesións por semana, facendo así un total de 8 sesións de 60 minutos cada

unha. Estas terán lugar os martes e xoves de 11 a 12 horas da mañá. Nesta primeira sesión os asistentes participaron nunha clase de introdución ó pilates.

Pero as actividades que se levarán a cabo van ser moi variadas. Por exemplo haberá sesións de exercicios de forza e resistencia, test de saúde, traballo aeróbico, exercicios biosaudables, ximnasia e outras actividades. Así, en función da actividade, variará o lugar onde se realice, o que será avisado con antelación.

Para todos aqueles que o de-



sexen aínda quedan prazas libres para incorporarse á actividade. Para máis información e

para anotarse poden chamar ó teléfono 986610000 ou achegarse ata o Concello da Guarda.

**milfollas**  
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS  
Tel: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA  
Tel: 698 126 552

[milfollas@mundo-r.com](mailto:milfollas@mundo-r.com)

**Casa Eligio**  
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047

C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

**BODEGUILLA PULPERIA**  
TAPERIA

**BERCEO**

Rosalía de Castro, 6  
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826



## A GUARDA

## A Guarda solicita a súa incorporación á Área Metropolitana de Vigo

No último pleno aprobouse a proposta de Alcaldía, co apoio do BNG, solicitar a inclusión do Concello da Guarda na Área Metropolitana de Vigo.

O alcalde xustifica a solicitude apelando á inminente constitución do organismo supramunicipal, ás vantaxes que terá para os veciños integrarse na Área e ós inconvenientes que implicaría quedar fóra da mesma.

Entre os acordos adoptados no pleno destaca o de sinalar como interese prioritario do Concello da Guarda a inclusión na rede de Transporte Metro-

politano de Vigo no prazo máis breve posible. Unha vontade que xa fora manifestada por Antonio Lomba, alcalde da Guarda, no escrito remitido á Directora Xeral de Mobilidade o 22 de setembro de 2015 no que solicitaba un estudo de custos deste servizo.

Este acordo refírese soamente a solicitude da inclusión. No momento que se produza, de chegar a producirse, o Concello decidirá a súa participación naqueles servizos que resulten de interese para os veciños. Ademais, tal como aprobou o pleno, o acordo será trasladado á Xunta de Galicia, ó Concello

de Vigo, a tódolos Concellos que constitúen a Área Metropolitana e ós concellos que sen estar nesta, aseguran a continuidade territorial entre A Guarda e Vigo (Rosal, Oia, Tomiño e Tui). Tamén se informará a tódolos grupos da Corporación Municipal dos pasos que se dean en relación ó acordo acadado. Así mesmo, o Concello da Guarda manifesta o seu interese en participar nas reunións informativas que se realicen co obxecto de poñer en marcha a Área.

Dende o concello considérase que diante de iniciativas como a constitución da Área

Metropolitana os veciños da Guarda non poden quedar illados. Está claro que Vigo é a cidade de referencia da vila e, que de haber algunha obxeción para a inclusión da Guarda na Área Metropolitana, esta sería a mellora das comunicacións por estrada; mellora que o Concello ten a intención de reclamar dende dentro da Área.

Ademais, o alcalde considera inxusto que os concellos do Baixo Miño non foran incluídos na redacción da Lei da Área Metropolitana para pertencer dende primeiro momento, con pleno dereito, a este ente.

## Xuventude e Érguete promoven "Educación para a saúde"

A Concellería de Xuventude do Concello da Guarda organiza e leva a cabo, en colaboración coa asociación Érguete Baixo Miño e os Centro de



ESO da Guarda o proxecto "Educación para a saúde".

Trátase dunha iniciativa xurdida ante a preocupación da Concellería de Xuventude da Guarda polo aumento do consumo de drogas entre a mocidade máis nova e, sobre todo, pola preocupante relación destas coas Redes Sociais.

Como acción para loitar contra isto nace este obradoiro, que incluírá unha serie de xornadas impartidas nos tres centros da ESO da Guarda. En total serán 5: 4 xornadas de traballo cos rapaces en horas lectivas nos propios centros educativos e unha quinta xornada cos pais e nais que tamén se realizarán nos centros escolares. Todas elas impartidas pola asociación Érguete Baixo Miño.

## Remataron as obras de mellora do rueiro de acceso ás explotacións agrarias no camiño de Cividáns a Pintán

Dentro do "Plan Marco: Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias 2016", o Concello da Guarda solicitou unha axuda para o proxecto de mellora do rueiro de acceso ás explotacións agrarias no camiño entre Cividáns e Pintán.

Esta foi solicitada á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, que concedeu unha axuda para este proxecto polo importe de 44.293€ para un orzamento total da obra de 53.399,25€. A diferenza, 9.106,25€, foron a cargo

do Concello.

As obras consistiron no pavimentado do camiño con recollida de augas. Ademais, rehabilitouse un tramo empedrado que se atopaba en moi mal estado, e que tras as obras está totalmente acondicionado para a súa utilización.


Dende o Concello da Guarda lémbrese que esta subvención é exclusivamente para camiños que conduzan a explotacións agrarias inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), non podendo ser invertida noutro tipo de rueiros ou estradas.







HUMOR

MARTIRENA



Humor FELIX



Humor FUCO

Humor SEX





## O canto coral enche o mes de outubro

Este mes de outubro os/as melómanos/as tiveron a oportunidade de deleitarse escoitando diferentes corais que nos visitaron co gallo dos actos, que ao longo do ano ata o verán próximo, se veñen realizando polos 50 Anos da fundación da CORAL POLIFÓNICA DO CENTRO ARTÍSTICO SPORTIVO, da Vila do Tea.

O pasado día primeiro foi a Coral Casablanca, de Vigo, fundada en 1957 e dirixida por Óscar

Villar Díaz, quen nos agasallou cun concerto extraordinario. Máis dun cento de voces atronaron no Auditorio Reveriano Soutullo.

Nunha primeira parte ofrecéronos seis composicións de G. Verdi, entre as que podemos suñar Va pensiero (Nabuco), Coro di matadori (Traviata), etc. Na segunda parte unha selección escollida de música máis actual na que se mezclaron Silvio Rodríguez (Mi unicordio azul), A. Cunqueiro (Quen poidera namorala), Pablo



Milanés (El breve espacio en que

no está), entre outras máis.

O pasado día 15 puidemos asistir ao Encontro de Corais do Baixo Miño. As corais galegas Coral Polifónica de Tomiño (dirixida por David Glez. Sobrino), a Agrupación Polifónica da Guarda, baixo a batuta de Mari Silda Sánchez, o Orfeão de Vila Praia de Áncora (Portugal), dirixido por Francisco Emilio Fontainha Presa e a Coral Polifónica do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas déronse cita no mesmo Auditorio Municipal Reveriano Soutullo para ofrecer ao numeroso público asistente unha panoplia de interpretacións que van dende “Há-

blame del mar mariner”, “ Eres tú” ou “O carro”, (as tres composicións son arranxos de A. Viro), pasando por “Balada do outono”, de José Afonso, para rematar con “Nun só corpo”, “Rianxeira”, o “Himno da alegría” e o “Himno dos encontros” interpretados por todas as corais xuntas subidas ao escenario.

O numeroso público asistente agradeceu con calurosos aplausos as actuacións de todas e cada unha das corais. Rematado o acto todos os seus compoñentes foron agasallados polo Centro Artístico Sportivo con variadas viandas de “fabricación caseira”



## O Club Ciclista Ponteareas pechou unha excelente tempada

O Clube Ciclista Ponteareas marcou unha tempada por todo o alto, os rapaces das distintas categorías do clube estiveron situados nas primeiras posición das distintas categorías e modalidades, tales como Carretera e Mini-Btt.

Tal é así que na categoría de Cadetes no Ranking final do 2016 da Federación Galega de Ciclismo, o Clube pode contar coa 1ª posición do deportista Adrian Giraldez Rodriguez, 5º Guillermo Porto Rodriguez, 11º Felipe Pavón, 13º Alvaro Barral Triñanes, 46º Damian Pereira Alvarez e 48º Adrian Canda, así como Eloy Fernandez, Alberto Barrio Barros, e Jorge Calviño Cermeño, todos eles grandes deportistas que amosaron a tódolos seus compañeiros de categoría unha gran deportividade e amizade, que son valores que dende o Clube Ciclista Ponteareas son fundamentais, e os que Felipe Pavón que acaba de fichar para a seguinte tempada coa Fundación Contador, poderá transmitir aos seus novos compañeiros, seguindo



acadando novos triunfos como ata agora.

Na categoría de Infantís, nenos coma Manuel Rodriguez, Miguel Rodriguez, Lucas Meo, Brais Souto, o outro moitos do clube deixaron o pavillon alto nas distintas carreiras da tempada, sempre con gran esforzo e superación persoal.

Na categoría de Alevíns, corredores tales coma Gabriel Fernandez, Jose Soares da Silva ou Pablo

Gandara, marcaron unha tempada de progresión constante e moi bos postos na súa categoría.

En principiantes Aitor Alonso, Javier Gonzalez, Hector Quinteiro, Marcos Gonzalez e Diego Fernandez, marcaron unha tempada de superación e esforzo deixando moi alto ao Clube Ciclista Ponteareas

Os nenos da categoría de promesas e prebenxamin tales coma Brais Gregores, Aarón Arenas,

Hugo Posada, Arón Porto, Alexandre Mariño, Iago Alvarez, Anxo e Martín Alfonso, Xian Serrapio e Mario Buitrago foron os grandes triunfadores da tempada en Ginkana e Btt marcando sempre os primeiros postos das distintas carreiras, así mesmo as nenas da categoría de promesas e prebenxamin coma Alba Gregores, Helena Quinteiro e Ainoa Posada, como unha grande amizade e

unión que promove o seu entrenador Jose Fco Veiga Garcia,

Pero o que máis enorgullece a tódalas persoas que forman parte do Clube Ciclista Ponteareas e contar con un gran deportista nas suas filas como Borja Gomez Mendez, un rapaz que sabe gañar o cariño de tódolos seus compañeiros e un exemplo de superación que participou gracias a Discamino na Volta a España xunto co seu pai Calis.



## NOVAS DA RAIA

## Autarquia congratula Governo por desbloquear impasse do Castelo de Cerveira



Na sequência da apresentação do programa Revive e do conhecimento da integração do Castelo como um dos edifícios prioritários para intervenção, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira endereçou ao Senhor Primeiro Ministro, Dr. António Costa, uma congratulação por atender ao anseio dos cerveirenses de dar dignidade aquele monumento.

Na missiva enviada, o edil cerveirense refere que este desfecho resulta na concretização de mais um compromisso que o Senhor Primeiro-Ministro, enquanto candidato, expressou aquando da sua deslocação a Vila Nova de

Cerveira para visitar a XVIII Bienal Internacional de Arte, na qual manifestou disponibilidade para ajudar a desbloquear este processo, colocando aquele conjunto edificado ao serviço dos cerveirenses, da economia local e dos inúmeros turistas que elegem o Castelo como um dos ex-libris do concelho.

“Para Vila Nova de Cerveira, este programa de valorização do património do Estado representa o desbloquear de um processo que já se arrastava há sete anos e comprova a atenção do atual Governo para com o património e a sua utilização em prol do desenvolvimento

económico local e nacional, como de enorme potencial turístico-cultural”, afirma Fernando Nogueira.

O programa Revive, articulado pelos ministérios da Economia, Cultura e das Finanças, e liderado pelo Turismo de Portugal, visa concessionar a privados 30 imóveis históricos que se encontrem degradados, para que sejam recuperados e possam acolher projetos diferenciadores de âmbito turístico. Numa primeira fase, que deverá decorrer até ao final do ano, irão ser concessionados 12 edifícios, encontrando-se entre eles o Castelo de Cerveira.

## Tiveram início as aulas da Universidade Sénior de Monção



A receção aos alunos e sessão de abertura, com a presença do vereador das atividades Socioculturais, Paulo Esteves, realizou-se ontem à tarde no auditório da Biblioteca Municipal de Monção.

“A universidade sénior é um espaço de aprendizagem e partilha de ideias mas também de convívio e camaradagem entre os alunos” sublinhou.


Visivelmente satisfeito o responsável pela pasta da cultura abordou ainda o desejo da Universidade Sénior de Monção em ter um espaço próprio, referindo que o assunto não está esquecido e que, a breve prazo, haverá desenvolvimentos nesse sentido.

As aulas realizam-se no Complexo de Piscinas Municipal, Arquivo Municipal, Biblioteca Municipal, quartel dos bombeiros

e Escola Profissional de Monção. A mensalidade é de 15,00 € acrescido, apenas no primeiro mês, de 5,00 € para o pagamento do seguro. As atividades extracurriculares e as aulas de cavaquinho são pagas à parte.

Com meia centena de alunos inscritos, no ano letivo 2016/2017 serão ministradas as disciplinas de dança; corpo, mente e bem-estar; artes decorativas, conversas; partilha de saberes/itinerários do património; informática; culinária; pilates; cavaquinho e canto (tuna).

O plano de atividades engloba ainda diversas atividades de enriquecimento pessoal como oficinas de trabalho, palestras, tertúlias, exposições, caminhadas, festas temáticas, viagens de estudo e intercâmbio com outras universidades seniores existentes no país.





## O Protocolo de Donostia xa é realidade: as medidas para o exercicio dos dereitos lingüísticos estarán listas para o día 17 de decembro.

O Protocolo de Garantía dos Dereitos Lingüísticos entrou xa na súa última fase. Após recompilar na primavera e o verán achegas de axentes do conxunto de Europa, os días 4 e 5 de outubro o Comité Científico reuniuse e, unha vez estudadas todas as achegas, elaborou unha listaxe de medidas para cada ámbito.

É que o Protocolo de Donostia vertebrarase arredor dos sete ámbitos recollidos na Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos: Principios Xerais, Administración e Institucións, Educación, Ámbito Socioeconómico, Onomástica, Medios de Comunicación e Novas Tecnoloxías e Cultural. Nesta ocasión, en lugar de se limitar a enumerar dereitos, apostouse en concretar medidas para o seu exercicio. Axentes sociais dos diferentes ámbitos presentaron as súas propostas para garantir os dereitos lingüísticos, e grazas ao labor de asesoramento do Comité Científico, todas estas achegas foron incluídas no Protocolo.

O Comité Científico valorou moi positivamente as achegas, tanto polo seu alto número, como, sobre todo, polo seu nivel e calado.

O documento ficará agora en mans do Comité Organizador, que será o encargado de lle dar o visto bo definitivo na reunión que celebrará o día 25 de outubro en Donostia. Seguidamente, o texto retornará aos axentes sociais.

As organizacións que forman parte do Comité Organizador son: CIEMEN, LINGUPAX INTER-



NATIONAL, UNPO, PEN INTERNATIONAL, ELEN e ECMI. Este Comité foi o encargado de designar os membros do Comité Científico, de salvagardar os valores do proxecto e de garantir o liderado dos axentes sociais durante todo o proceso. Na reunión que celebrará o día 25 de outubro presentarán o seu balanço de todo o proceso.

O Comité Científico está formado por 15 expertas e expertos, cuxo labor de asesoramento foi fundamental para a redacción do Protocolo. O seu coñecemento do ámbito da xestión lingüística e dos dereitos lingüísticos, xuntamente coas achegas realizadas polos axentes farán do Protocolo unha ferramenta moi produtiva.

Da Galiza contase coa presenza da profesora da Universidade da Coruña Pilar García Negro, que xa fora redactora da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos de 1996.

O Protocolo de Donostia presentará o día 17 de decembro de 2016 no palacio de congresos do Kursaal, no marco do proxecto impulsado pola Fundación Donostia 2016 e Kontseilua, e suporá un importante fito na defensa dos dereitos lingüísticos.

Os membros do comité científico son: Alexandra Büchler: Directora da plataforma Literature Across Frontiers, Dr. Robert Dunbar: Profesor da Universidade de Edimburgo, Ewa Chylinski: Tiflis, Xeorxia. Directora territorial del ECMI (Centro Europeo para as Cuestións relacionadas coas Minorías) no Cáucaso, Dra. María Pilar García Negro. Profesora da Universidade da Coruña, Johan Häggman: Ex asesor da Oficina Europea de Linguas Minorizadas e asesor do Parlamento Europeo e da Comisión Europea, Elin Haf Gruffydd Jones: Profesora de Medios de Comunicación e Industrias Creativas na Universidade de Aberystwyth (Gales), Dr.

Davyth Hicks: Secretario xeral de ELEN (Rede Europea para a Igualdade entre as Linguas) e director de Eurolang, Dr. Iñaki Martínez de Luna. Doutor en Socioloxía; profesor adxunto da UPV, Dr. Conchúr Ó Giollaáin: Profesor de Investigación Gaélica na Universidade das Highlands, Miquel Strubell: Exdirector da Cátedra de Multilingüismo Linguamón-UOC, Dr. Ferran Suay: Profesor de Psicobioloxía na Universidade de Valencia, Dr. Iñigo Urrutia: Profesor de Dereito Administrativo na Universidade do País Vasco, Dr. Fernand de Varennes: un dos máis destacados expertos en dereitos humanos das minorías do mundo, Dr. Jaume Vernet: Catedrático en Dereito Constitucional na Universidade Rovira i Virgili de Tarragona e membro do Consello de Garantías Estatutarias de Catalunya, e Dr. Durk Gorter: Doutor en Ciencias Humanas pola Universidade de Ámsterdam.

## Compromiso non quiere que Galicia siga pagando a incompetencia dos grandes partidos

O secretario xeral de Compromiso por Galicia, Xoán Bascuas, emprazou hoxe aos líderes dos partidos políticos con maior representación a acabar co esperpento que se está a vivir no estado español e que "está afectando directamente aos galegos e galegas que estamos pendentes dunha clase política que converteu millóns de votos e papel mollado, en sufraxios inútiles".

Neste senso, Bascuas foi rotundo: "se hai que ir a terceiras eleccións que o digan xa e aforremos este ridículo da clase política e esta tomada de pelo xeneralizada". Desde Compromiso por Galicia tamén se critica situación de parálise da Administración xeral do Estado, como consecuencia da situación política.

Por último, a formación galeguista entende que estamos ante unha oportunidade única para que os partidos demostren que apostan pola rexeneración e tendo en conta o malestar social "deberían optar por novos candidatos que abran polo menos unha esperanza" porque "entre un PP enfangado nos tribunais, un PSOE cheo de navallazos e intereses persoais, e partidos coma Ciudadanos ou Podemos que no fondo só buscan ser os sucesores fieis dos partidos tradicionais, estamos nunha situación preocupante".



# ALFESO

## Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES  
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03



## O II Symposium de Escultura do Miño chega ao seu fin con catro novas obras de arte que se repartirán entre Tomiño e Cerveira



**Os escultores, de Taiwán, Bulgaria e Colombia, traballaron ao aire libre durante tres semanas, amosando a súa arte aos visitantes**

**T**ras tres semanas de arduo traballo, o II Symposium Internacional de Escultura do Miño, organizado polos concellos limítrofes de Tomiño e Cerveira, chega á súa fin.

Catro escultores internacionais: Fernando Pinto (Colombia), Liliya Pobornikova (Bulgaria. Residente en Tomiño; Lee, Zih-Cing e Teng, Shan-Chi (Taiwán), coordinados polo artista luso Vítor Reis, comezaron o pasado día 23 de setembro, a traballar nas súas obras á vista do público.

Este ano a cita foi en Vila Nova de Cerveira, fronte ao Baluarte de Santa Cruz.

Moitas foron as persoas que durante as tres últimas semanas puideron ver aos ar-

tistas crear as súas obras en grandes bloques de pedra, a maioría mármore, dos que foron sacando formas, volumes e figuras sorprendentes.

Unha das máis impresionantes, polas súas dimensións é a do colombiano Fernando Pinto. Bautizada coma "Puerta rosa", a escultura mide 3,20m. de alto por 2,60m de ancho e 0,75m. de profundidade. Segundo o propio autor, a obra "simboliza la tierra y el hombre", e pretende "marcar un sitio propicio para que la gente reflexione y vuelva a conectarse con la energía de la tierra".

Outra das

apostas deste ano foi a parella de artistas taiwaneses Lee, Zih-Cing e Teng, Shan-Chi, coas súas obras "Cycle password" e "Dragão", respectivamente. Estas son as dúas que pasarán a formar parte do patrimonio artístico de Tomiño e serán situadas en lugares públicos axeitados.

Por último, Liliya Pobornikova, realizou unha composición, "Spring", que xunto á obra de Pinto, quedarán en Cerveira.

Este certame escultórico, de carácter transfronteirizo, pretende promover o intercambio intelectual e profesional entre os artistas e o público, coa intención de que este poida apreciar a evolución das obras e interactuar cos creadores.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e o presidente da Cámara de Vila Nova de Cer-

veira, Fernando Nogueira, salientaron a importancia de "achegar a arte á rúa", e lembraron que, tanto Cerveira coma Tomiño, son terras de artistas e comparten un patrimonio común.

